

*De conformidade coas competencias atribuídas
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,
previo análise e tramitación pola Comisión Sectorial nº 1:
Economía, emprego e desenvolvemento territorial, e de acordo co procedemento previsto
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión
do 7 de xullo de 1997, acorda emitir, por propia iniciativa, o seguinte*

INFORME

“Análise da situación e perspectivas da empresa pública en Galicia”

1.1.- Xénese do informe

Entre as funcións que a Lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, atribúe ó mesmo está a de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre as reformas que se estimen necesarias na normativa vixente para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos á mesma finalidade.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa reunión do 23 de xullo de 1996, acordou aproba-la seguinte proposta da Comisión Permanente, elaborada a partir dunha iniciativa plantexada pola Comisión Sectorial de *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*:

“Que o CES-Galicia proceda á realización dun informe sobre ‘Análise da situación e perspectivas da empresa pública en Galicia’ e que a realización do mesmo se leve a cabo pola Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*”.

1.2.- Obxecto do informe

O informe ten por obxecto a análise da situación e perspectivas da empresa pública en Galicia á vista dos procesos de privatización anunciados en distintas instancias públicas e da posible aplicación da Lei 5/1995, de 23 de marzo, pola que se establece o réxime xurídico de enaxenación de participacións públicas en determinadas empresas e da súa repercusión en Galicia.

1.3.- Metodoloxía e alcance do informe

O informe baséase, en primeiro lugar, na análise da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, sobre unha selección de documentación e bibliografía adecuada ó obxecto do informe.

En segundo lugar, no traballo de campo realizado solicitando información ás empresas públicas, sociedades públicas, entidades de dereito público estatais con centros de traballo en Galicia e as autonómicas e locais..

A información económico-financeira facilitada polas empresas públicas, sociedades públicas, entidades de dereito público estatais con centros de traballo en Galicia foi oportunamente procesada. Este proceso informático permitiu territorializar algúns datos dos presupostos de explotación e de capital das mesmas según os limitados datos desagregados das memorias e permitiu, asimesmo, unha comparación a nivel autonómico cos estados financeiros do sector privado obtidos a través da base de datos Ardán.

Aínda que se tomaron en consideración datos relativos a empresas públicas controladas pola Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais, o informe contempla principalmente a situación das empresas públicas estatais con actividade en Galicia.

2.1.- DEFINICIÓNS

Empresa

Segundo o Sistema Europeo de Contas Económicas (SEC), os criterios para definir a unha institución como empresa son que estexa adicada á produción de bens ou servicios destinados á venda e que os seus recursos proveñan maioritariamente (máis da metade) da venda desa produción no mercado. Esta definición é válida para as empresas de titularidade pública e as privadas.

Empresa Pública

O calificativo de público non depende de que o titular da “actividade” sexa un ente público, senon de que sexa unha persoa xurídica pública a que exerza o control da mesma.

Atendendo á súa actividade pódese distinguir:

a) aquelas que o seu obxecto social é de carácter puramente industrial ou mercantil e actúan en réximen competitivo no mercado.

b) aquelas que o seu obxecto aparece unido o desenvolvemento dun “servicio público”, *strictu sensu*: Un servicio público é aquela actividade que ten como finalidade a satisfacción dunha necesidade de interese xeral para a sociedade. Esa finalidade esixe que o servicio dependa dunha autoridade pública e que, polo tanto, estea sometido ás regras xurídicas que esa dependencia implica. Este tipo de servicios, ademais dun factor esencial para o desenvolvemento económico e a industrialización do territorio, configúranse como unha variable determinante na mellora da calidade de vida da poboación.

Trátase dunha concepción dos servicios públicos como un elemento de compromiso social, como instrumento para impulsa-lo desenvolvemento económico e para reduci-las desigualdades sociais.

c) as que aparecen unidas á explotación ou administración dun monopolio.

d) as que conlevar o exercicio doutras actividades que revisten un especial interese público.

Privatización formal

Baixo o concepto de privatización inclúense tódalas decisións públicas orientadas á desregulación de determinados sectores da economía, á incentivación de institucións alternativas, á apertura de monopolios á competencia ou á perda de privilexios das empresas públicas no tráfico económico.

Nun sentido diferente, o termo “privatización” enténdese como un proceso polo que o Estado adopta fórmulas xurídicas de Dereito Privado para a explotación das actividades económicas de produción de bens ou servicios o seu cargo (privatización *versus* sometemento íntegro da actuación estatal ó Dereito Público). A privatización así entendida non implica colocar á empresa pública ó servizo de intereses privados, senon resolver un mero problema de eficacia.

Privatización funcional

Trátase da transferencia dunha función, actividade ou organización do sector público ó privado. Transfírese a un axente privado a xestión dunha actividade a través dunha concesión, mantendo o carácter público da actividade.

Privatización material

Refírese ó proceso polo que os sectores económicos públicos deixan de estar, total ou parcialmente, baixo propiedade do Estado ou as autoridades públicas e son transferidos ó sector privado. Implica a efectiva transferencia da propiedade de todos ou parte dos activos dunha empresa mediante venda de activos do sector público a axentes privados.

Existen cinco técnicas básicas para proceder a estas transferencias de activos das empresas públicas:

1. - A venda negociada de activos: transfírese a propiedade no marco de conversas privadas, tras unha preselección dos potenciais compradores. Este sistema

presenta dous riscos: a infravaloración dos activos públicos postos á venda e o posible favoritismo -falta de obxectividade- na selección do comprador.

2. - A venda de accións no mercado de valores: adoita empregarse cando a magnitude da operación é relativamente modesta.
3. - A oferta pública de venda de accións: fai referencia á colocación atomizada dos títulos. A oferta global típica adoita dividirse en tramos, un nacional e varios internacionais, que se corresponden con distintas rexións xeográficas.
4. - As ampliacións de capital non abertas á suscripción para os accionistas públicos: non xenera ingresos para o sector público, aínda que lle evita a éste a aportación de recursos para financiar novos e necesarios investimentos. Este modelo require a renuncia do accionista público ó dereito a acudir a unha ampliación de capital.
5. - Os bonos de “staff”: venda de títulos reservada exclusivamente a empregados e xubilados dunha empresa pública. En España empregouse en combinación con algún dos procedementos anteriores.

Efectos directos das privatizacións

Concrétanse na renda da transferencia (o diñeiro que se ingresa agora) e, á vez, na perda do eventual fluxo de rendementos futuros xenerados, potencialmente, polos activos alleados (os posibles beneficios que acaden as empresas privatizadas). O erario público ingresa agora o valor dos bens enaxenados, pero perde os seus dereitos sobre a renda que podan xenerar no futuro esas empresas.

Neste contexto, sempre que a valoración dos activos transferidos fose correcta e completa, o impacto da privatización sobre as finanzas públicas debería ser nulo. A renda de transferencia igualaríase ó valor actualizado dos rendementos futuros dos activos das empresas públicas privatizadas. É dicir, a venda de activos supón ingresos para o sector público que melloran momentaneamente o saldo presupostario, pero a costa dunha míngua dos ingresos futuros. Esta circunstancia evidencia que a privatización non é senón a simple realización por parte do sector público dun activo financeiro ou físico.

Sociedades estatais e autonómicas

A Ley General Presupuestaria del Estado define, no seu artigo 6, como sociedades estatais:

a) “las sociedades mercantiles en cuyo capital sea mayoritaria la participación directa o indirecta, de la Administración del Estado o de sus organismos autónomos y demás entidades estatales de Derecho público”.

b) “las entidades de Derecho público, con personalidad jurídica, que por Ley han de ajustar su actividad al ordenamiento jurídico privado”.

De xeito similar, a Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia establece, no seu artigo 12, que son Sociedades Públicas da Comunidade Autónoma:

a) “as sociedades mercantís no capital das cales exista participación maioritaria, directa ou indirecta, da Comunidade ou dos seus organismos autónomos e demais entidades de dereito público da Comunidade Autónoma”.

b) “as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecua-la súa xestión ó ordenamento xurídico privado”.

2.2.- ANÁLISE DA NORMATIVA EXISTENTE

Normativa da Unión Europea

A actividade do sector público en Europa está regulada dun xeito estricto na normativa comunitaria, en particular no relativo ás axudas ás empresas públicas, á defensa da libre competencia e á salvagarda dos mecanismos do mercado.

A esixencia de transparencia nas relacións financeiras entre o Estado e as súas empresas, a limitación das posibilidades de subsidiación cruzada, a separación das funcións de regulación do mercado e de oferta de bens e servicios son algúns dos principios que a pertenza á Unión Europea impuxo ó sector público empresarial.

A pesar da forte regulación para salvagardar a libre competencia no seo da Unión, a normativa tamén establece excepcións nas que os Estados membros poden aportar axudas a determinadas empresas dos seus respectivos países. En concreto, o artigo 92.3 do Tratado da Unión Europea (Tratado de Maastricht) establece que “poderán considerarse compatibles co mercado común:

1. As axudas destinadas a favorece-lo desenvolvemento económico nas rexións nas que o nivel de vida sexa anormalmente baixo ou nas que exista unha grave situación de subemprego.
2. As axudas para fomenta-la realización dun proxecto importante de interese común europeo ou destinadas a poñer remedio a unha grave perturbación na economía dun Estado membro.
3. As axudas destinadas a facilita-lo desenvolvemento de determinadas actividades ou de determinadas rexións económicas, sempre que non alteren as condicións dos intercambios en forma contraria ó interese común”.

En todo caso, os mecanismos de protección do interese público deben ser plenamente respetuoso co establecido no art. 90 do Tratado constitutivo da C.E.E., dacordo co que:

1. *“Los Estados miembros no adoptarán ni mantendrán, respecto de las empresas públicas y aquellas empresas a las que concedan derechos especiales o exclusivos, ninguna medida contraria a las normas del presente Tratado, especialmente las previstas en los artículos 7 y 85 a 94, ambos inclusive.*

2. Las empresas encargadas de la gestión de servicios de interés económico general o que tengan el carácter de monopolio fiscal quedarán sometidas a las normas del presente Tratado, en especial, a las normas sobre la competencia, en la medida en que la aplicación de dichas normas no impida, de hecho o de derecho, el cumplimiento de la misión específica a ellas confiada. El desarrollo de los intercambios no deberá quedar afectado en forma tal que sea contrario a los intereses de la Comunidad.

*3. La Comisión velará por la aplicación de las disposiciones del presente artículo y, en tanto fuere necesario, dirigirá a los Estados miembros **directivas o decisiones** apropiadas”.*

O artigo 37 do Tratado da UE obriga ós Estados membros a adecuar progresivamente os monopolios nacionais de carácter comercial para asegura-la exclusión de toda discriminación entre os nacionais dos Estados membros.

Se o ordenamento xurídico comunitario proxecta unha notable influencia sobre as políticas nacionais de privatización, parece claro que as posibilidades de axudas previstas pola normativa europea poden favorecer ás empresas públicas en Galicia.

Normativa estatal de privatizacións. Garantías para as CC.AA.

Marco legal:

· Lei de 23 de marzo de 1995, nº 5/1995, de réxime xurídico de enaxenación de participacións públicas en determinadas empresas.

· Real Decreto 15 setembro 1995, nº 1525/1995, de desenvolvemento regulamentario da Lei 5/1995, de 23 marzo sobre “Réxime xurídico de enaxenación de participacións públicas en determinadas empresas”.

Ámbito de aplicación:

A lei que estamos a analizar ten por obxecto unha parte substancial do sector público do Estado. Non obstante, estende a posibilidade da súa aplicación tanto polas Comunidades Autónomas como polas entidades que integran a Administración local sen afecta-los ámbitos respectivos de autonomía.

A Lei 5/1995 pretende a reordenación e racionalización do sector público empresarial (obxectivo da lei), garantindo o interese público na actividade de empresas con participación pública minoritaria, enmarcándoo nun contexto de medidas similares adoptadas polos países do entorno. A devandita norma establece, e este é un dos puntos máis interesantes da mesma ós efectos desta análise, un procedemento polo que se require a autorización previa do Goberno para adoptar determinados acordos sociais, especialmente relevantes para a continuidade empresarial como os de disolución, escisión ou fusión, os de enaxenación ou gravamen dos activos ou participacións necesarias para o cumprimento do obxecto social, a substitución do obxecto e certos actos que afectan ó control.

O **Art. 1 da lei** declara comprendidas no seu ámbito de aplicación:

1) Las entidades de naturaleza mercantil que en la fecha de entrada en vigor de esta Ley cuenten con una participación directa o indirecta del Estado en su capital social superior al 25% de éste y estén controladas por el socio estatal por cualquiera de los medios establecidos en la legislación mercantil que resulte aplicable, siempre que en la actividad que desarrolle la entidad, por sí o mediante la participación en otras sociedades, concurra alguna de las circunstancias siguientes:

*a) Prestar **servicios esenciais** o servicios públicos formalmente declarados como tales.*

*b) Desarrollar actividades sujetas por Ley y **razones de interés público** a un específico régimen administrativo de control, especialmente de los sujetos que las realicen.*

*c) **Estar exenta total o parcialmente de la libre competencia** en los términos del art. 90 del Tratado constitutivo de la CEE*

2) Las entidades de naturaleza mercantil que formen parte de un grupo, determinado conforme al art. 4 de la lei 24/1988, de 28 de julio, del Mercado de Valores, en el que cualquiera de las entidades contenidas en el apartado 1 anterior tenga una posición dominante, siempre que en aquéllas concurra cualquiera de las circunstancias a que se refieren los párrafos a), b) y c) del referido apartado.

Pola súa banda, o **art. 1 do Real Decreto** que desenrola a lei fai tamén mención a estes aspectos e concreta qué se entende, a efectos legais, por socio estatal:

1. A los efectos de la Ley 5/1995 de 23 de marzo de régimen jurídico de enajenación de participaciones públicas en determinadas empresas, tendrán

la consideración de socio estatal: el Estado, sus organismos autónomos y las entidades a que se refieren los apartados 1 b) y 5 del artículo 6 de la Ley General Presupuestaria.

Se entenderá, a los efectos del artículo 1 de la Ley 5 /1995 citada, que la entidad mercantil está controlada por el socio estatal cuando éste se encuentre, respecto de aquélla, en alguna de las circunstancias prevista en el artículo 4 da Ley 24/1988, de 28 de julio, del Mercado de Valores.

Garantías para as Comunidades Autónomas:

Respecto das Comunidades Autónomas, é preciso partir dos títulos competenciais que habilitan a esta Lei. Estes son os contidos no artigo 149.1, 6ª, 13ª e 18ª da Constitución. Na medida en que estas competencias teñen un alcance distinto, do que, indubidablemente, se derivan distintas posibilidades de actuación para as Administracións públicas, determinanse os preceptos que resultan de aplicación directa para todas éstas, diferenciándoos daqueles que teñen carácter básico a fin de respeta-la distribución constitucional de competencias. Deste xeito, presérvase o ámbito de decisión que pertence a cada Comunidade Autónoma que, de seu, teña a necesaria competencia para elo.

Os intereses das Comunidades Autónomas quedan preservados por algunhas disposicións da Lei 5/1995, de 23 de marzo, que establecen garantías para evitar unha eventual actuación arbitraria do Estado na privatización de empresas de especial relevancia económica ou social nun territorio que poidesen perxudicar a esa Comunidade. Os preceptos de garantía de aplicación directa son:

a) Art. 3, que regula a autorización administrativa previa. Éste é o mecanismo que pode permitir a participación das autoridades galegas na defensa dos intereses da Comunidade nas empresas públicas radicadas no seu territorio sometidas ó ámbito de aplicación da devandita lei.

b) Art. 6, relativo ás consecuencias da falta de autorización administrativa. Establece a nulidade de pleno dereito dos actos que carezan de autorización, co que se destrúe a eficacia do acto con efectos “ex tunc” (desde que o mesmo foi dictado).

A importancia da autorización administrativa previa:

A obrigatoriedade da autorización administrativa previa queda establecida en distintos apartados da normativa:

- Presupostos: art. 2 da Lei e art.2 do Real Decreto.
- Réxime de autorización: art. 4 da lei e 4 do Reglamento, exposición de Motivos do Real Decreto [art. 90 art. 189 TCE]

Os textos legais contemplan distintos supostos segundo a natureza xurídica da entidade a privatizar e establecen os procedementos que deben cumprirse para levar a cabo esa privatización:

1. Sociedade estatal: Real Decreto informado polo Consello de Estado. (art. 6.3 da Lei Xeral Presupostaria)
2. Sociedade estatal que afecte á CC.AA.: o ministerio correspondente deberá solicitar **informe** sobre o Real Decreto á Comunidade. Esta é a vía para que os Gobernos autónomos poidan “controlar” o proceso de privatizacións que afecten a empresas establecidas nos sus territorios.

A nova organización do sector público industrial en España

A empresa pública en España viviu unha reorganización coa aprobación do Real Decreto-lei 5/1995, de 16 de xuño, polo que se creou a Axencia Industrial do Estado (**AIE**) coas empresas do antigo INI que necesitan axudas públicas: a división naval, na que se encadra Astano e Bazán, entre outras. Estas empresas poden recibir axudas públicas para os seus planos de reestructuración e reconversión. Unha vez rematados estes planos de saneamento, as participacións da Agencia poderán ser transferidas á Sociedade Estatal de Participacións Industriais se as empresas obteñen beneficios durante tres anos consecutivos e o seu patrimonio neto pasa a ser igual ou superior ó seu capital social.

A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (**SEPI**) tamén foi creada polo mencionado decreto como entidade de dereito público, coas empresas pertencentes ó grupo Teneo, Repsol e as demais participacións accionarias nas que a titularidade correspondía ó Instituto Nacional de Industria (INI). O decreto estableceu que a SEPI non podía recibir aportacións do Estado e que debía asumir a deuda histórica de 700.000 millóns de pesetas acumulada polo grupo INI.

Por tanto, coa creación da SEPI se pretendeu non só desvincular dos Presupostos Xerais do Estado a grupos empresariais competitivos, senón liberar fondos públicos, ó obrigar a asignar fondos dos recursos obtidos pola sociedade á amortización da débeda do INI.

Esta reforma de 1995 non alterou a situación doutras empresas públicas das cales a titularidade non correspondía a o antigo INI.

Con posterioridade á entrada en vigor deste Decreto-Lei, o Parlamento aprobó a Lei 5/1996, de 10 de xaneiro, de Creación da Axencia Industrial do Estado e da Sociedade Estatal de Participacións Industriais e supresión do Instituto Nacional de Industria e do Instituto Nacional de Hidrocarburos.

O seu artigo 2 sinala que se crea, coa denominación de “Agencia Industrial del Estado”, un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade, que se rexirá polo disposto nesa Lei e demais disposicións que lle resulten aplicables.

No art. 10, créase, coa denominación de “Sociedad Estatal de Participaciones Industriales” unha sociedade estatal das recollidas no artigo 6.1 b) do texto refundido da Lei Xeral Presupostaria, aprobado polo Real Decreto lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro. A SEPI está adscrita ó Ministerio de Industria y Energía, o cal exercerá o control de eficacia sobre a súa actividade.

Por outra banda, o artigo 11 recolle, entre outras, as seguintes funcións asignadas á SEPI:

A tenencia, administración, adquisición e **enaxenación de accións** e participacións sociais nas entidades que a compoñen, xestionadas con criterios empresariais, segundo as regras da economía de mercado. A xestión ordinaria das sociedades participadas corresponderá ós seus propios órganos de administración e serán controladas de conformidade co establecido polo texto refundido da Lei Xeral Presupostaria e demais disposicións aplicables.

· Réxime patrimonial das empresas de AIE:

Rematados os planos de reconversión o reestructuración ós que estiveran suxeitas as devanditas sociedades públicas, ou ben cando se teñan acadados os obxectivos establecidos nos réximes especiais que lles afecten, ou cando foran suprimidas as derogacións parciais das normas comúns sobre competencia, recollidas no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, as participaciones da Axencia Industrial do Estado nas devanditas sociedades poderán ser transferidas á Sociedade Estatal de Participacións Industriais.

2.3.- CENSO DA EMPRESA PÚBLICA EN GALICIA

O sector público en Galicia está composto polo conxunto de empresas de titularidade pública, é dicir, as estatais, as autonómicas e as pertencentes as administracións locais. Os cadros seguintes resumen o censo da empresa pública na nosa comunidade segunda a súa titularidade: as pertencentes á Administración do Estado ou aquelas nas que éste ten participación, non sempre maioritaria, que operan en Galicia; as de capital da Comunidade autónoma; e as de titularidade das distintas administracións locais.

Cadro 1.-Cadro xeral das Sociedades Públicas en Galicia: Administración do Estado

Nome	Adscripción/ Titularidade	% participación acción	Natureza xurídica	Actividade
Grupo Repsol	SEPI	21,5	Sociedade Mercantil	Enerxía
Grupo Inespai	SEPI-TENEO	99,96	Sociedade Mercantil	Aluminio
Grupo Endesa	SEPI-TENEO	66,89	Sociedade Mercantil	Enerxía
Auxini	SEPI	60,00	Sociedade Mercantil	Bens de equipo
Red Eléctrica Española, S.A.	SEPI-TENEO	53,31	Sociedade Mercantil	Enerxía
BWE	SEPI-TENEO	100,00	Sociedade Mercantil	Bens de equipo
Viesgo	SEPI		Sociedade Mercantil	Enerxía
ENCE	SEPI-TENEO	52,00	Sociedade Mercantil	Papelera
Iberia	SEPI-TENEO	99,83 (1)	Sociedade Mercantil	Transporte aéreo
Aviaco	SEPI-TENEO	99,94	Sociedade Mercantil	Transporte aéreo
Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA)	SEPI-TENEO	5,00	Sociedade Mercantil	Sociedade de capital-desenvolv.
Initec	SEPI-TENEO	100,00	Sociedade Mercantil	lnx. sistemas elec.
Astano	AIE	100,00	Sociedade Mercantil	Construc. naval
Barreras	AIE	99,99	Sociedade Mercantil	Construc. naval
Bazán	AIE	100,00	Sociedade Mercantil	Defensa
Santa Bárbara	AIE	100,00	Sociedade Mercantil	Defensa
Emesa	AIE	50,00	Empresa pública	
Axencia EFE	Grupo Patrimonio	99,00	Sociedade Mercantil	Información
Paradores	Grupo Patrimonio	100,00	Empresa públic	Turismo
Tabacalera	Grupo Patrimonio	53,50 (2)	Sociedade Mercantil	Tabaco, alimentac.
Telefónica	Grupo Patrimonio	31,80	Sociedade Mercantil	Telecomunicacións
Tragsa	Grupo Patrimonio	100,00	Sociedade Mercantil	Infraestruc. agraria
IVE	Compañía de RIVE	100,00	Sociedade Mercantil	Television
RNE	Compañía de RTVE	100,00	Sociedade Mercantil	Radio
Retevisión	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Telecomunicacións
SEPES	Estado		Entidade de Dereito Público	Bens de equipo
Sociedad Española de Salvamento Marítimo	Estado		Entidade de Dereito Público	Servicios
RENFE	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Transportes
FEVE	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Transportes
Audasa	Estado		Sociedade Mercantil	Infraestructuras
Puertos del Estado	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Portos marítimos
AENA	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Aeropostos
Correos y Telégrafos	Estado	100,00	Entidade de Dereito Público	Comunicacións

(1) Iberia, L.A.E., S.A., Informe Anual 1995.

(2) Tabacalera, S.A., Informe Anual 1995.

Fonte: Presupuestos Generales del Estado 1995, Ministerio de Economía y Hacienda

Cadro 2.- Cadro xeral das Sociedades Públicas Galegas: Administración da C.A.

Nome	Adscripción/Titularidade	% participación acción	Natureza xurídica
Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG)	Consellería da Presidencia e Admon. Pública		Entidade de Dereito Público
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	Consellería de Economía e Facenda		Entidade de Dereito Público
Fundación Pública Hospital de Verín	Servicio Galego de Saúde		Entidade de Dereito Público
Portos de Galicia	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda		Entidade de Dereito Público
Foster Galicia S.A.	Consellería de Industria e Comercio Foster Wheeler Iberia S.A.	60 40	Sociedade Mercantil
Xestur Coruña, S.A.	Instituto Galego da Vivenda e Solo Deputación de A Coruña	80 20	Sociedade Mercantil
Xestur Lugo, S.A.	Instituto Galego da Vivenda e Solo Deputación de Lugo	80 20	Sociedade Mercantil
Xestur Ourense, S.A.	Instituto Galego da Vivenda e Solo INORDE	80 20	Sociedade Mercantil
Xestur Pontevedra, S.A.	Instituto Galego da Vivenda e Solo	100	Sociedade Mercantil
Xestión do Plan Xacobeo 93, S.A.	Consellería de Cultura e Comunicación Social	100	Sociedade Mercantil
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)	Consellería de Política Territorial. Obras Públicas e Vivenda Outros	51 49	Sociedade Mercantil
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA)	Consellería da Presidencia e Admon. Pública Outros	58 42	Sociedade Mercantil
S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Outros	70 30	Sociedade Mercantil
Televisión de Galicia, S.A.	CRTVG	100	Sociedade Mercantil
Radiotelevisión de Galicia, S.A.	CRTVG	100	Sociedade Mercantil
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	Consellería da Presidencia e Admon. Pública	100	Sociedade Mercantil
Galiol, S.A.	Consellería de Industria e Comercio	100	Sociedade Mercantil
Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA)	Consellería de Industria e Comercio IGAPE SEPI Outros	46,18 15,41 5,00 33,41	Sociedade Mercantil
Gestión Energética de Galicia (GESTENGA)	Xunta de Galicia SODIGA Caixas de aforros	42,50 42,50 15,00	Sociedade Mercantil
Sociedade Galicia Calidade, S.A.	Consellería de Industria e Comercio	100	Sociedade Mercantil
Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. (MEDTEC)	Consellería de Sanidade e Servizos Sociais	100	Sociedade Mercantil
Augas de Galicia S.A.	Organismo Autónomo Augas de Galicia	100	Sociedade Mercantil

Fonte: Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma 1996, Xunta de Galicia
Sector Público Autónomo, Censo de Entes 1995, Ministerio de Economía y Hacienda

Cadro 3.- Cadro xeral das sociedades públicas galegas: Administración Local

Nome	Adscripción/ Titularidade	% participación acción	Natureza xurídica
Empresa Municipal de Aguas de A Coruña, S.A. (EMALCSA)	Concello de A Coruña	100	Sociedade mercantil
Círculo Galego de Alta Velocidade	Concello de Cerceda	80	Sociedade mercantil
Radio Televisión de Cerceda	Concello de Cerceda	100	Sociedade mercantil
Empresa Municipal de Servicios Mortuorios de Vigo, S.A. (EMORVISA)	Concello de Vigo	51	Sociedade mercantil
MERCAGALICIA	Concello de Santiago	51	Sociedade mercantil
REATUR	Concello de Allariz	100	Sociedade mercantil

Fonte: IGE, 1995

Cadro 4.- Entes e sociedades mercantís distribuídas por CC.AA.

	Nº entes públicos	Dif. 1994	Nº empresas públicas	Dif. 1994
ANDALUCIA	7	+1	27	+2
ARAGON	1	--	6	--
ASTURIAS	4	--	11	-1
BALEARES	9	+3	7	-1
CANARIAS	2	--	22	+6
CANTABRIA	1	--	6	+1
CASTILLA Y LEON	2	+1	15	--
CASTILLA-LA MANCHA				
CATALUÑA	19	+1	19	+3
EXTREMADURA	1	--	15	+1
GALICIA*	4	+2	16	+6
MADRID	4	--	19	+2
MURCIA	5	+3	17	-4
NAVARRA		--	29	+2
PAIS VASCO	2	--	76	+1
LA RIOJA		--	3	--
C. VALENCIANA	8	--	9	-2
TOTALES	69	+11	287	+16

Fonte: Sector Público Autonómico. Censo de Entes, 1995. Ministerio de Economía y Hacienda.

* Os datos para Galicia corresponden ó 1996 (Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma).

Cadro 5.- O sector público nas Comunidades Autónomas

	Peso do sector (%)	Nº de emp. públ., entes e organismos
ANDALUCIA	20,62	63
ARAGON	7,80	10
ASTURIAS	5,78	23
BALEARES	2,33	20
CANARIAS	10,94	37
CANTABRIA	5,36	11
CASTILLA-LA MANCHA	11,80	
CASTILLA-LEON	8,12	20
CATALUÑA	12,42	65
COM. VALENCIANA	13,00	21
EXTREMADURA	14,27	17
GALICIA	19,09	22
LA RIOJA	5,16	3
MADRID	3,74	35
MURCIA	5,29	13
NAVARRA	22,42	35
PAIS VASCO	15,61	80

Fonte: Sector Público Autonómico. Censo de Entes, 1994

Como se reflicte no cadro 5, o sector público ten diferente peso segundo a Comunidade Autónoma de que se trate. No caso de Galicia, o seu peso está a piques de acadalo 20% da actividade económica, con 22 empresas, entes e organismos.

Cadro 6.-Capital social das empresas públicas e capital público autonómico, 1993

	Total capital social EE.PP.	Capital público autonómico	Media Porcentual
ANDALUCIA	16.833,5	12.523,4	74,4
ARAGON	185,8	185,3	99,7
ASTURIAS	1.327,2	780,5	58,6
BALEARES	988,7	735,1	74,3
CANARIAS	7.703,5	7.155,6	92,9
CANTABRIA	2.670,0	2.568,0	96,2
CASTILLA-LEON	9.130,0	8.617,5	94,4
CASTILLA-LA MANCHA			
CATALUÑA	29.881,5	27.971,0	93,6
EXTREMADURA	10.374,0	9.721,0	93,7
GALICIA	2.206,0	1.834,8	83,2
MADRID	17.930,0	14.341,2	80,0
MURCIA	2.549,6	2.154,1	84,5
NAVARRA	40.287,2	22.514,2	63,3
PAIS VASCO	101.221,9	88.333,2	87,3
LA RIOJA	743,3	694,9	93,5
C.VALENCIANA	5.850,0	5.732,0	96,0
TOTALES	249.882,20	205.861,80	

Fonte: Sector Público Autonómico. Censo de Entes, 1994. Ministerio de Economía y Hacienda.
Novoa Montero, J.J., 1996

Existen ademais outras actividades de titularidade pública, en particular os servicios municipais, que son prestados ó cidadán por empresas privadas. E dicir, estamos ante un servicio público -abastecemento de auga, saneamento, transporte urbano...- xestionado de forma privada, habitualmente a través dunha concesión e un contrato-programa.

Outros servicios tamén considerados esenciais, como a sanidade ou a educación, combinan a prestación pública xeral coa existencia de centros privados, nalgúns casos concertados coa propia Administración.

Ámbolos dous casos quedan fóra da análise do presente informe do CES-Galicia.

2.4.- LOCALIZACIÓN TERRITORIAL DAS EMPRESAS PÚBLICAS DO ESTADO EN GALICIA

Motivos da implantación


O establecemento das empresas do Estado en Galicia pode explicarse por tres motivos fundamentais, sempre unidos á carencia de iniciativa privada o de capital privado adicado á economía productiva :

1.- A abundancia de determinados recursos naturais imprescindibles para o funcionamento desas industrias. Esta explicación é especialmente clara no caso do complexo minero-eléctrico de Endesa-As Pontes (aproveitamento de importantes reservas de lignito) e Ence (abundancia de recursos forestales e auga na nosa comunidade).

2.- A absorción por parte do sector público dalgunhas empresas privadas en crise e con connotacións laborais importantes no territorio. Algunhas das maiores empresas privadas de Galicia pasaron ó INI na década dos setenta por esos motivos: Astano, en 1972 e o Grupo de Empresas Álvarez e os asteleiros Hijos de J. Barreras, en 1976.

3.- A existencia de certas economías externas. Aínda que estes motivos tiveron menos importancia no contexto xeral, si foron claves no caso de Alúmina-Aluminio en San Cibrao, dadas as favorables condicións da bahía para a chegada do mineral por vía marítima desde os seus puntos de extracción e a cercanía da central eléctrica de As Pontes (trátase dunha actividade que demanda unha gran cantidade de enerxía).

A importancia relativa do sector público empresarial no sector industrial en Galicia reflíctese nun dato concluínte: entre as dez principais empresas que operan na comunidade por volume de vendas, cinco son empresas públicas (Endesa, Repsol, Alúmina-Aluminio, Bazán e Ence).



Mapa 1.- Situación das sociedades mercantís industriais
 Fonte: Elaboración propia. CES-Galicia.

Distribución provincial

A distribución das empresas públicas en Galicia non é uniforme. De feito, resulta moi irregular. A súa presenza é moi destacada na provincia de A Coruña, mentres que resulta residual na de Ourense. En Pontevedra e Lugo, dúas factorías, Ence e Inespal, son as súas referencias. No **mapa 1** reflíctese a localización das empresas públicas estatais máis importantes.

En Pontevedra, tan só destaca a presenza de Ence e Barreras, que teñen pouca importancia relativa sobre o emprego industrial da provincia (éste depende en moita maior medida da actividade de Citroën e as súas industrias auxiliares na comarca de Vigo). En Ourense non se produce practicamente ningunha actividade industrial pública.

Abondando neste análise, tódalas empresas públicas estatais implantadas en Galicia están presentes na provincia de A Coruña e, aínda máis importante, a maioría ubícase nela mentras manteñen noutras provincias un papel practicamente testimonial (salvo no caso de Telefónica e Renfe que, dadas as características da súa actividade, si están espalladas por todo o territorio galego). Esta concentración de empresas leva aparelhada unha concentración de inversións e creación de emprego neses mesmos lugares.

Concretando máis, a empresa pública concéntrase especialmente en catro comarcas, tres na provincia de A Coruña e unha na de Lugo. A factoría de Inespal (Alúmina-Aluminio) en San Cibrao é un dos motores económicos da Mariña lucense. En Ferrolterra destacan Bazán, Astano e Imenosa; Endesa, en As Pontes de García Rodríguez; e Repsol, Tabacalera, Emesa, Santa Bárbara e Inespal en A Coruña. En Ferrolterra e As Pontes o 65% dos asalariados industriais traballa en empresas públicas.

Aínda que non coa mesma intensidade, tamén é importante o papel da factoría de Ence no tecido industrial e na vida económica da cidade de Pontevedra e a súa comarca.

2.5.- ESPECIALIZACIÓN SECTORIAL E RELACIÓNS INTEREMPRESARIAIS

Distribución sectorial da empresa pública estatal

A empresa pública ubicada en Galicia enmárcase en sectores moi diversos, desde a produción de enerxía á pasta de papel, dos bens de equipo ás comunicacións. O cadro seguinte recolle a distribución por sectores das empresas estatales presentes nesta comunidade autónoma. Pola súa banda, a empresa pública autonómica encádrase, na súa meirande parte, no sector servicios.

Cadro 7: Distribución sectorial da empresa pública estatal

<i>Actividade</i>	<i>Empresa</i>
Enerxía	Repsol Petróleo Endesa Redesa Eléctrica Viesgo
Alimentación	Tabacalera
Papel	Ence
Siderurxia	Grupo Inespal Emesa Trefilería
Bens de equipo	Imenosa (BWE) Bazán Astano Barreras Santa Bárbara
Construcción	Auxini
Transporte	Iberia Aviaco Renfe Feve Autopistas
Comunicacións	Telefónica Efe Radio Nacional España Televisión Española Retevisión
Hostelería	Paradores

Destaca que a empresa pública estatal está presente nos sectores estratéxicos para a organización da actividade económica: enerxía, petróleo, produción de bens de equipo, transporte e telecomunicacións. Estas empresas configuran a base da estrutura productiva do país. A empresa do Estado en Galicia é, fundamentalmente, empresa industrial, directamente ligada á produción de bens.

Tecido industrial e relacións intersectoriais

Para definir e caracterizar mellor o sector público empresarial galego é interesante estudar os diferentes sectores de actividade e as súas relacións mutuas dentro da economía rexional. É dicir, estudia-las relacións económicas e comerciais que establecen entre elas e có exterior e como inciden no tecido industrial e comercial da Comunidade Autónoma.

Esta análise sectorial ten que centrarse no sector enerxético, o naval, a produción de manufacturas de tabaco, o refino de petróleo, a transformación de metais non férreos, o sector das comunicacións e a produción de pasta de papel. A seguinte táboa resume os grupos de actividade nos que se encadran as principais empresas.

Cadro 8: Sectores de actividade nos que se encadran as principais empresas públicas en Galicia.

<i>Grupos de actividade</i>	<i>Empresas</i>
Tabaco	Tabacalera
Refino petróleo	Repsol
Papel	Ence
Transf. metál. non férreos	Inespal
Naval	Astano, Bazán, Barreras
Enerxía eléctrica	Endesa
Comunicacións	Correos e Telefónica

Fonte: CNAE 90

A importancia relativa dos distintos sectores con actividade de empresas públicas no conxunto da economía galega pódese resumir do seguinte modo:

.- O sector enerxético: (Endesa, Iberdrola e Unión Fenosa aportan o 97%) produce o 6,89 do PIB galego. Endesa participa con aproximadamente a metade do total rexional dunha actividade que é a segunda en importancia en Galicia en canto a VEB.

.- O sector naval: representado polos asteleiros máis grandes da comunidade autónoma -representan máis do 80% do emprego total do sector- a súa incidencia no produto interior bruto de Galicia varía en función da actividade das factorías.

.- A produción de tabaco e o refino de petróleo: coas factorías de Tabacalera e Repsol en A Coruña, aportan conxuntamente un 2% do VEB.

.- A transformación de metais non férreos: o grupo Inespal é o primeiro produtor de alúmina e aluminio de España, pero a fase transformadora apenas ten importancia en Galicia, pois as plantas ubícanse en outras rexións.

.- O sector de comunicacións: Correos e Telefónica son os principais provedores de servicios postales e telefónicos.

.- O sector do papel: a única empresa significativa, Ence, especializada na produción de pasta de papel, xenera a práctica totalidade do VEB do sector.

Aínda que as respectivas contribucións das empresas ós seus sectores de actividade son interesantes, o feito de que as empresas integren só procesos parciais e as escasas implicacións intersectoriais configura o sector industrial público como un conxunto de enclaves industriais non integrados, que non axudan a construír tramas importantes na economía galega.

Estudio inputs / outputs por sectores

Un estudio interesante para entende-la caracterización sectorial das empresas e a súa importancia na creación dun tecido empresarial determinado é o peso das entradas e saídas dos produtos (inputs/outputs) e a súa relación con outras empresas do territorio. Nas táboas das seguintes páxinas reflíctense estas relacións referidas os principais sectores tratados neste informe.

Cadro 9.- Táboa de inputs de Galicia da empresa pública

	Proveedores	Clientes					
		07 REFIN. PETROLEO E O.P. ENERXETICOS (Repsol)	08 ENERXIA ELECTRICA (Endesa)	12 TRANSFORMACI ON METAIS NON FERREOS (Inespai)	25 CONSTRUCCION NAVAL (Bazán, Astano, Barreras)	34 TABACO (Tabacalera)	38 PAPEL, ARTIGOS DE PAPEL (Ence)
01	PRODUCCION AGRICOLA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,13%	0,00%
02	PRODUCCION GANDEIRA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
03	SILVICULTURA E CAZA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	14,32%
04	PESCA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
05	MARISQUEO	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
06	COMBUSTIBLES SOLIDOS	0,00%	53,29%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
07	REFIN. PETROLEO E O.P.ENERXETICOS	0,00%	0,84%	0,94%	0,22%	0,10%	0,96%
08	ENERXIA ELECTRICA	2,25%	20,40%	26,38%	5,88%	0,83%	3,53%
09	AUGA E VAPOR DE AUGA	0,46%	0,01%	0,01%	0,09%	0,04%	0,08%
10	EXTRACCION DE METAIS	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
11	PROD. SIDERURXICOS	0,00%	0,00%	0,49%	6,18%	0,00%	0,00%
12	TRANSFORMACION METAIS NON FERREOS	0,00%	0,01%	10,65%	1,38%	0,00%	0,00%
13	EXTRACCION MINERAIS NON METALICOS	0,00%	0,00%	1,86%	0,00%	0,00%	0,00%
14	PEDRA NATURAL	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
15	VIDRO E CERAMICA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
16	CEMENTO E OUTROS MAT.CONSTRUCCION	0,00%	0,01%	0,34%	0,01%	0,00%	0,14%
17	QUIMICA BASICA	0,02%	0,23%	16,24%	0,51%	0,01%	3,57%
18	QUIMICA FINAL	0,00%	0,00%	0,00%	0,03%	0,00%	0,00%
19	PRODUCTOS METALICOS	0,40%	0,89%	0,26%	16,63%	0,07%	0,13%
20	MAQUINARIA AGRICOLA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
21	MAQUINARIA INDUSTRIAL	0,11%	0,37%	1,07%	1,91%	0,00%	0,25%
22	MATERIAL ELECTRICO E ELECTRONICO	0,00%	0,31%	0,06%	1,94%	0,00%	0,10%
23	MAQ. DE OFICINA E INST. PRECISION	0,00%	0,00%	0,00%	0,35%	0,00%	0,00%
24	VEHICULOS AUTOMOBILES	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
25	CONSTRUCCION NAVAL	0,00%	0,00%	0,00%	2,12%	0,00%	0,00%
26	OUTRO MATERIAL DE TRANSPORTE	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
27	INDUSTRIAS CARNICAS	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
28	INDUSTRIAS LACTEAS	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
29	CONSERVAS DE PEIXE	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
30	MOENDA, PANADERIA	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
31	ALIMENTACION ANIMAL	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
32	OUTRAS INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
33	BEBIDAS	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
34	TABACO	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
35	INDUSTRIA TEXTIL	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%	0,00%	0,07%
36	COIRO E CALZADO	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
37	CONFECCION	0,00%	0,00%	0,05%	0,31%	0,02%	0,00%
38	PAPEL, ARTIGOS DE PAPEL	0,00%	0,01%	0,04%	0,14%	15,92%	0,18%
39	ARTES GRAFICAS E EDICION	0,01%	0,21%	0,06%	0,09%	0,02%	0,01%
40	SERRADURA DA MADEIRA	0,00%	0,00%	0,00%	2,15%	0,00%	0,91%
41	OUTRAS INDUSTRIAS DA MADEIRA	0,00%	0,00%	0,00%	0,07%	0,00%	0,00%
42	MOBLE DE MADEIRA	0,00%	0,00%	0,00%	0,15%	0,00%	0,00%
43	CAUCHO E PLASTICO	0,03%	0,09%	0,00%	0,94%	1,07%	0,12%
44	OUTRAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%	0,08%	0,01%
45	CONSTRUCCION	0,13%	0,59%	0,41%	0,76%	0,37%	0,36%
46	COMERCIO POR XUNTO, RECUPERACION	0,36%	1,48%	0,07%	1,35%	0,75%	2,48%
47	COMERCIO POLO MIUDO	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
48	HOSTELERIA E RESTAURACION	0,21%	1,25%	0,14%	0,10%	0,08%	0,20%
49	REPARACIONES	0,69%	0,51%	0,14%	0,28%	0,98%	0,61%
50	TRANSPORTE FERROVIARIO	0,04%	0,21%	0,06%	0,13%	0,04%	0,09%
51	OUTROS TRANSPORTES TERRESTRES	1,19%	0,90%	0,44%	0,51%	0,13%	2,80%
52	TRANSPORTE MARITIMO E AEREO	0,11%	0,10%	0,20%	0,03%	0,00%	0,09%
53	SERVICIOS ANEXOS O TRANSPORTE	0,23%	0,38%	0,03%	0,31%	0,23%	1,19%
54	COMUNICACIONES	0,05%	0,15%	0,05%	0,42%	0,12%	0,08%
55	INSTIT. E AUXILIARES FINANCIEROS	0,50%	0,78%	0,08%	0,69%	0,23%	0,21%
56	ENTIDADES E AUXILIARES DE SEGUROS	0,12%	0,27%	0,14%	0,69%	0,04%	0,28%
57	SERVICIOS A EMPRESAS	5,76%	2,07%	0,36%	9,94%	8,00%	1,77%
58	ALUGUEIRO INMOBILIARIO	0,14%	0,63%	0,10%	0,11%	0,13%	0,14%
59	ENSINO E INV. DESTINADOS A VENDA	0,07%	0,24%	0,00%	0,00%	0,00%	0,12%
60	S. SANITARIOS DESTINADOS A VENDA	0,07%	0,17%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
61	OUTROS SERV. DESTINADOS A VENDA	0,24%	0,61%	0,05%	0,48%	0,18%	0,10%

Fonte: Elaboración propia, CES-Galicia.

Cadro 10.- Táboa de outputs de Galicia da empresa pública

		Proveedores					
		07	08	12	25	34	38
		REFINAMENTO DE PETROLEO E OUTROS (Repsol)	ENERXIA ELECTRICA (Endesa)	TRANSFORMACION DE METALES NON FERREOS (Inespal)	CONSTRUCCION NAVAL (Bazán, Astano, Barreras)	TABACO (Tabacalera)	PAPEL, ARTIGOS DE PAPEL (Ence)
Clientes							
01	AGRICOLA	1,72%	0,28%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
02	GANDEIRA	0,59%	1,62%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
03	SILVICULTURA E CAZA	0,23%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
04	PESCA	2,23%	1,34%	0,00%	3,98%	0,00%	0,01%
05	MARISQUEO	0,15%	0,00%	0,00%	0,21%	0,00%	0,00%
06	COMBUSTIBLES SOLIDOS	0,11%	2,28%	0,02%	0,00%	0,00%	0,01%
07	REFIN PETROLEO E OP ENERXETICOS	0,00%	1,12%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
08	ENERXIA ELECTRICA	0,55%	13,52%	0,01%	0,00%	0,00%	0,01%
09	AUGA E VAPOR DE AUGA	0,00%	0,50%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
10	EXTRACCION DE METAIS	0,01%	0,36%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
11	PROD SIDERURXICOS	0,09%	2,09%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
12	TRANSFORMACION METAIS NON FERREOS	0,40%	11,05%	4,46%	0,00%	0,00%	0,02%
13	EXTRACCION MINERAIS NON METALICOS	0,43%	0,63%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
14	PEDRA NATURAL	0,19%	0,42%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
15	VIDRO E CERAMICA	0,15%	0,54%	0,00%	0,00%	0,00%	0,19%
16	CEMENTO E OUTROS MAT CONSTRUCCION	0,25%	1,79%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
17	QUIMICA BASICA	0,27%	3,16%	0,01%	0,00%	0,00%	0,08%
18	QUIMICA FINAL	0,03%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,19%
19	PRODUCTOS METALICOS	0,12%	0,81%	4,69%	0,00%	0,00%	0,12%
20	MAQUINARIA AGRICOLA	0,00%	0,03%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
21	MAQUINARIA INDUSTRIAL	0,03%	0,16%	0,06%	0,00%	0,00%	0,01%
22	MATERIAL ELECTRICO E ELECTRONICO	0,01%	0,69%	0,12%	0,00%	0,00%	0,01%
23	MAQ DE OFICINA E INST PRECISION	0,00%	0,01%	0,08%	0,00%	0,00%	0,00%
24	VEHICULOS AUTOMOBILES	0,11%	1,31%	0,17%	0,00%	0,00%	0,21%
25	CONSTRUCCION NAVAL	0,07%	1,93%	0,45%	0,70%	0,00%	0,05%
26	OUTRO MATERIAL DE TRANSPORTE	0,00%	0,01%	0,01%	0,00%	0,00%	0,00%
27	INDUSTRIAS CARNICAS	0,13%	0,59%	0,00%	0,00%	0,00%	0,11%
28	INDUSTRIAS LACTEAS	0,13%	0,44%	0,00%	0,00%	0,00%	0,30%
29	CONSERVAS DE PEIXE	0,18%	0,71%	0,07%	0,00%	0,00%	1,37%
30	MOENDA, PANADERIA	0,22%	0,53%	0,00%	0,00%	0,00%	0,29%
31	ALIMENTACION ANIMAL	0,05%	0,40%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
32	OUTRAS INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	0,02%	0,22%	0,00%	0,00%	0,00%	0,09%
33	BEBIDAS	0,09%	0,29%	0,00%	0,00%	0,00%	0,24%
34	TABACO	0,01%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	1,21%
35	INDUSTRIA TEXTIL	0,01%	0,15%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
36	COIRO E CALZADO	0,02%	0,11%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
37	CONFECCION	0,16%	1,61%	0,40%	0,00%	0,00%	0,02%
38	PAPEL, ARTIGOS DE PAPEL	0,12%	0,43%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%
39	ARTES GRAFICAS E EDICION	0,01%	0,15%	0,00%	0,00%	0,00%	1,83%
40	SERRADURA DA MADEIRA	0,18%	0,90%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%
41	OUTRAS INDUSTRIAS DA MADEIRA	0,09%	2,11%	0,08%	0,00%	0,00%	0,30%
42	MOBLE DE MADEIRA	0,02%	0,17%	0,00%	0,00%	0,00%	0,03%
43	CAUCHO E PLASTICO	0,04%	0,44%	0,00%	0,00%	0,00%	0,11%
44	OUTRAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	0,01%	0,02%	0,22%	0,00%	0,00%	0,00%
45	CONSTRUCCION	2,01%	1,12%	0,00%	0,00%	0,00%	0,11%
46	COMERCIO POR XUNTO, RECUPERACION	0,06%	1,35%	0,00%	0,00%	0,00%	0,04%
47	COMERCIO POLO MIUDO	0,03%	3,47%	0,00%	0,00%	0,00%	0,09%
48	HOSTELERIA E RESTAURACION	0,34%	5,09%	0,00%	0,00%	0,24%	0,01%
49	REPARACIONS	0,03%	0,39%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
50	TRANSPORTE FERROVIARIO	0,22%	0,07%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
51	OUTROS TRANSPORTES TERRESTRES	4,38%	0,26%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%
52	TRANSPORTE MARITIMO E AEREO	0,23%	0,00%	0,00%	0,15%	0,00%	0,00%
53	SERVICIOS ANEXOS O TRANSPORTE	0,07%	0,45%	0,02%	0,13%	0,00%	0,01%
54	COMUNICACIONS	0,01%	0,18%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
55	INSTIT E AUXILIARES FINANCIEROS	0,04%	1,26%	0,00%	0,00%	0,00%	0,09%
56	ENTIDADES E AUXILIARES DE SEGUROS	0,03%	0,21%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
57	SERVICIOS A EMPRESAS	0,53%	0,84%	0,00%	0,00%	0,00%	0,20%
58	ALUGUEIRO INMOBILIARIO	0,02%	0,20%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%
59	ENSINO E INV DESTINADOS A VENDA	0,09%	0,35%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%
60	S SANITARIOS DESTINADOS A VENDA	0,01%	0,32%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%
61	OUTROS SERV DESTINADOS A VENDA	0,13%	0,92%	0,00%	0,00%	0,00%	0,03%
62	ENSINO E INV NON DEST A VENDA	0,02%	1,87%	0,00%	0,00%	0,00%	0,11%
63	S SANIT NON DESTINADOS A VENDA	0,04%	6,75%	0,00%	0,00%	0,00%	0,06%
64	SERVICIO DOMESTICO E OUTROS	0,09%	0,19%	0,00%	0,00%	0,00%	0,04%
65	ADMON XERAL DO ESTADO E SSOCIAL	0,01%	0,19%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
66	ADMONS PUBLICAS REXIONAIS	0,13%	3,22%	0,00%	0,00%	0,00%	0,05%

Fonte: Elaboración propia, CES-Galicia.

En resumo, e segundo reflicten as táboas, desta breve análise sectorial dedúcese que o sector público empresarial galego desenvolve actividades pouco integradas coa economía rexional, salvo no caso do sector de construción naval.

En xeral, o peso dos inputs galegos é baixo, agás a enerxía, pois son sectores con alta demanda da mesma. A produción adoita estar orientada á exportación, en moitos casos cunha moi baixa transformación dos produtos e cunha escasa aportación de valor engadido ós mesmos.

A inversión tecnolóxica en Galicia

O proceso inversor público nas empresas ubicadas en Galicia tivo características peculiares. Unha das características das empresas públicas con actividade na comunidade galega é que non se observa o mesmo comportamento inversor en tecnoloxía que no resto do sector público estatal. A escasa inversión en investigación e desenvolvemento nas factorías galegas debeuse á política centralizadora da actividade tecnolóxica, que fai que a maior parte dos centros de investigación se atopen en Madrid. De feito, a meirande parte das empresas sitas en Galicia carecen de departamento autónomo de I+D. Ademáis, os sectores nos que ten presenza o capital público en Galicia son maduros, o que supón un menor esforzo innovador que se estiveran posicionados en sectores avanzados.

Na nosa comunidade autónoma, a actividade de desenvolvemento tecnolóxico no sector público concéntrase en Ence e Inespal, que son as únicas empresas públicas estatais que contan en Galicia con departamento propio de I+D. Esta descentralización das actividades de innovación tamén sería moi desexable, desde o punto de vista de Galicia, no sector da Defensa, dado o importante esforzo que adica o sector neste campo e a importancia o e peso de Bazán no mesmo.

Destaca tamén o labor de Endesa na estrutura galega de innovación a través de convenios e importantes relacións contractuais coa Universidade de Santiago. Ademais de Endesa, tamén firmaron contratos coa institución académica Inespal, INI-Medio Ambiente, Initec, Telefónica e Campsa, aínda que dunha importancia moi secundaria.

O valor engadido

A empresa pública a miúdo centra as súas actividades nas fases iniciais ou finais dos procesos productivos, fases nas que existe menor valor engadido, menor xeración de emprego e de riqueza. A falta de integración do ciclo productivo dentro de Galicia e a realización das tarefas máis complexas fora da nosa comunidade é unha característica

común en tres actividades protagonizadas polo sector público en Galicia: a obtención de alúmina-aluminio, o refino de petróleo e a produción de pasta de papel.

Estas actividades, con fortes costes enerxéticos e ecolóxicos, non teñen continuidade coutras das mesmas empresas ou doutras dentro de Galicia. Outro inconvinte destas actividades é que supoñen a explotación e un eventual agotamento de recursos naturais non renovables.

A xeneración de tecido industrial

As grandes empresas públicas que se radicaron en Galicia apenas favoreceron o xurdimento dun verdadeiro tecido industrial no seu entorno. A única excepción constituíronna as empresas navais: a súa actividade si deu orixe á proliferación de establecementos industriais e de servicios auxiliares, de dimensión en xeral bastante reducida. Sin embargo, a grave crise do sector repercutiu negativamente neste entorno, con efectos desarticuladores nos esquemas de integración vertical, tanto en Ferrolterra como na ría de Vigo, as dúas comarcas nas que se concentran as empresas de construción naval.

Pero, en termos xerais, un dos aspectos máis criticables, e criticados, da actuación da empresa pública en Galicia é a súa escasa vinculación co resto da economía galega. O grado de integración vertical co resto das actividades industriais é moi baixo. Un exemplo paradigmático desta situación é o complexo de Alúmina-Aluminio: os seus mercados de abastecemento de materias primas (agás a enerxía, que procede da térmica de As Pontes) están lonxe de Galicia e a súa produción vai tamén, na súa meirande parte, lonxe da comunidade galega. As actividades de transformación dos produtos da empresa ubicáronse noutras comunidades autónomas.

2.6.- EMPREGO DIRECTO E INDUCIDO

En Galicia, por provincias, as empresas públicas empregaban a 12.871 traballadores en A Coruña (un 66,2% do total dos empregados públicos galegos, é dicir, dous de cada tres); 2.665 traballadores en Lugo (o 13,7%); 1.051 traballadores en Ourense (só o 5,4%); e 2.855 en Pontevedra (que supoñían o 14,6% do emprego público galego). En total, 20.246 persoas estaban empregadas en empresas públicas en Galicia en 1996. Na páxina seguinte, o cadro 12. mostra o número de traballadores empresa a empresa.

O cadro 11 mostra o peso da empresa pública en Galicia en termos de emprego no ano 1995, có dato da porcentaxe dos empregados públicos industriais sobre o total de traballadores asalariados industriais.

Cadro 11 .-Peso da empresa pública en Galicia 1995

Comparación persoas asalariadas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Asalariadas públicas industriais	10.979	1.725	106	993	13.803
Total asalariadas industriais	41.000	12.000	13.000	45.200	110.200
Públicas total asalariadas (%)	27	14	1	2	13

Fonte: CC.OO. de Galicia, 1996.

Cadro 12.- Distribución de empresas públicas e o seu persoal por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
R. Petróleo	558	-	-	-	558
CL-H	80	-	1	63	144
R. Comercial	20	3	2	9	34
Campsa-Red	30	21	9	40	100
R. Prod. Asf.	-	-	-	9	9
R. Distribu.	-	-	-	9	9
R. Butano	74	11	-	20	105
G. Inespal	496	1.574	-	-	2.070
Endesa	2.125	-	43	-	2.168
Auxini	25	-	12	-	37
Domi	-	-	-	-	-
Maessa	46	-	-	-	46
Sta. Bárbara	253	-	-	-	253
B.W.E.	254	-	-	-	254
Emesa	108	-	-	-	108
Viesgo	-	72	-	-	72
Ence	-	-	-	372	372
A.H.V.	-	-	-	-	-
Lesaca	-	-	-	-	-
Bazán	3.931	-	-	-	3.931
Astano	1.620	-	-	-	1.620
Barreras	-	-	-	377	377
G. Trans. Aéreo	198	-	-	41	239
TVE	60	1	1	2	64
RNE	56	10	17	24	107
Redesa	38	-	-	-	38
Retevisión	44	10	10	11	75
RENFE	478	394	493	483	1.848
FEVE	63	18	-	-	81
Audasa	155	-	-	104	259
EFE	12	-	-	-	12
Paradores	200	55	22	165	442
Tabacalera	455	-	-	-	455
Telefónica	1.492	496	441	1.126	3.555
TOTAL	12.871	2.665	1.051	2.855	19.442

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do

Consello Galego de Relacións Laborais. 1995 e 1996.

O peso da empresa pública na industria é moi desigual na súa distribución provincial, como xa se veu no apartado 2.4. deste informe. A relación entre o número das persoas asalariadas públicas industriais e o total dos asalariados industriais vai do 27% da provincia de A Coruña (10.979 sobre 41.000), ó 14% de Lugo (1.725 sobre 12.000), ó

1% de Ourense (106 sobre 13.000) e ó 2% de Pontevedra (993 sobre 45.200). No seu conxunto, o 13% das persoas asalariadas industriais galegas traballa nas empresas públicas.

O **cadro 13** recolle tódolos datos do cadro de persoal das empresas públicas ubicadas en Galicia e o total por sectores industriais. Na seguinte páxina, o **gráfico 1** mostra a distribución provincial dos asalariados industriais do sector público. Por último, as “tartas” do **gráfico 2** poñen de manifesto a relación entre o total do emprego e o emprego público e, ademais, a relación provincial sobre o total do sector industrial.


Cadro 13.-Persoal na empresa pública e total por sectores industriais 1995

Empresa	Cadro de persoal	% do sector
ENDESA	2.309	95,22%
VIESGO	78	3,22%
REDESA	38	1,57%
Subsector eléctrico	2.425	
INESPAL	2.107	75,44%
IMENOSA	310	11,10%
EMESA	118	4,22%
SANTA BARBARA	258	9,24%
Subsector elab. metálicos	2.793	
REPSOL	580	33,30%
TABACALERA	454	26,06%
ENCE	373	21,41%
AUXINI	85	4,88%
Outras	250	14,35%
Subtotal outras	1.742	
BAZAN	4.045	62,52%
ASTANO	1.971	30,46%
BARRERAS	454	7,02%
Subsector naval	6.470	
Total empresa pública	13.430	

Fonte: CC.OO. de Galicia, 1996.

Gráfico 1.-Distribución de empresas públicas e o seu persoal por provincias en %

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Nº Persoal	13.539	2.709	1.090	2.908	20.246
Porcentaxe	67%	13%	5%	14%	100%

Distribución dos traballadores da empresa pública por provincias

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Consello Galego de Relacions Laborais, 1995.

O emprego público industrial nas principais empresas

Endesa-As Pontes:

A meirande parte do emprego xerado por Endesa en Galicia concéntrase no concello de As Pontes de García Rodríguez, cuns 6.000 postos de traballo directos e indirectos e un volume de contratación duns 12.000 millóns, que convirten ao complexo - a mina de lignito e a central térmica- no motor económico da comarca. Un 65% dos empregos da comarca dependen da actividade de Endesa.

O impacto sobre o emprego da nova estratexia de importación do combustible (o lignito da mina de As Pontes é de moi baixa calidade, moi contaminante e resulta máis caro que outros carbóns traídos do estranxeiro) e a conversión das actuais instalacións de combustión suporá, segundo os cálculos feitos pola propia empresa, unha perda de emprego do 40% hasta o ano 2000.

· Telefónica:

A sociedade estatal **Telefónica** (Compañía Telefónica Nacional de España), empresa de servizos, dá emprego directo a 3.555 persoas en Galicia, co que se converte na segunda con maior volume de ocupación, só por detrás da empresa nacional Bazán.

Ademáis, pola súa actividade, ten incidencia nas catro provincias. Esa é a súa característica máis destacada e a que a diferencia das demais empresas analizadas.

· Construcción naval:

Galicia representaba o 23,51% do emprego do sector naval público en 1991, cifra que se mantén no periodo 90-92, pero só recibiu o 13,4% dos investimentos do plano estratéxico da división de construción naval do INI. En Galicia, as accións deste plan céntranse en aspectos sociolaborais e de reposición, sen priorizar a dotación tecnolóxica (toda a inversión en I+D foi destinada a Madrid, nunha política de centralización moi criticada desde as rexións da periferia).

· Inespal-Galicia:


A produción de aluminio está nas mans do grupo público Inespal, representado tamén en Galicia. A obtención de alúmina do grupo lévase a cabo exclusivamente na planta lucense de San Cibrao, que emprega a 740 persoas, o 35,1% do total xerado por **Inespal-Galicia**. A transformación do metal nas empresas do grupo lévase a cabo fora de Galicia. Esta actividade, a máis importante do grupo, cun peso relativo do 49,19% do emprego total, non se leva a cabo en Galicia.

Gráfico 2.-Emprego-Emprego Público en 1995

	Total Empleo	Público	Non Público	S. Industrial
A Coruña	336,4	13,8	322,6	54,2
Lugo	144,0	2,8	141,2	12,6
Ourense	139,3	1,2	138,1	16,5
Pontevedra	299,8	3,1	296,7	54,1
Total:	919,5	20,8	898,7	137,4

En miles

Fonte: Elaboración propia, a partir de datos do IDEGA, IGE e INE



Evolución do emprego público

En Galicia, a importancia do emprego público industrial en termos absolutos é dun 13% sobre todo o emprego industrial, é dicir, casi o dobre que a taxa media en España (e similar á de Madrid, por exemplo).

Na nosa comunidade, o nivel de emprego industrial público experimentou unha perda importante no periodo 88-91, coa privatización do Grupo de Empresas Álvarez e os recortes nos cadros de persoal de Bazán, Barreras e Auxini. Nos seguintes anos estabilizouse coa incorporación de BWE, que compensou as diminucións en Ence e Inespal. O axuste máis drástico produciuse a mediados dos oitenta cos distintos planos de reconversión, pero as perdas en termos absolutos son unha constante desde entón.

No sector servicios, o emprego público ten pouca importancia relativa: o transporte aéreo, marítimo e os servicios corporativos aportan o 21% do total de traballadores do INI (ano 1992), pero en Galicia son só o 2,14% do total.

Nos seguintes cadros e gráficos amósase a evolución do emprego no sector público empresarial galego e nalgúns dos seus sectores máis representativos.

Cadro 14.- Emprego en ENDESA 1990-1993. Galicia

	1990	1991	1992	1993	Media 90-93	% Galicia 1993
GALICIA	2698	2732	2677	2649	2.689	16.81

Fonte: IDEGA, INI, 1994.

Cadro 15.- Emprego da Compañía Nacional de Telefónica 1991-1994. Galicia.

	1991	1992	1993	1994
A CORUÑA	1.500	1.499	1.536	1.492
LUGO	510	510	515	496
OURENSE	476	462	452	441
PONTEVEDRA	1.121	1.117	1.141	1.126
TOTAL	3.607	3.588	3.644	3.555

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia.

Cadro 16.- Evolución do emprego nos asteleiros públicos 1977-1994. Galicia

	1977	1991	1992	1994
BAZAN	6.750	4.280	4.249	4.045
ASTANO	6.730	1.962	1.992	1.971
BARRERAS	1.870	471	463	454
TOTAL	15.350	6.683	6.704	6.470

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, 1995

Cadro 17.- Evolución do emprego no sector público empresarial galego.

ORGANISMO	1991	1992	1993	1995
TVE/RNE	237	205	190	170
Consortio Nacional de Seguros	--	--	8	8
Retevisión	9	83	81	75
Renfe	--	--	2.054	1.848
Feve	101	91	84	81
Autopistas Atl.	245	246	257	155
EFE	9	3	12	12
Paradores de Turismo	507	487	476	442
Tabacalera	538	533	522	455
Argentaria	--	--	876	583
Telefónica	3.607	3.588	3.644	3.555
INI	13.473	13.417	13.151	12.396
INH	--	--	933	952

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia, a partir de datos do CGRL, 1995.

Gráfico 3: Evolución do emprego no sector público empresarial galego





Gráfico 4.- Evolución no emprego dos asteleiros públicos

Asteleiro	BILBAO	CÁDIZ	FERROL	OUTROS
1984	6.450	6.515	5.689	3.558
1986	3.034	5.335	2.200	3.344
Diferencia	3.416	1.180	3.489	214
%	53%	18%	61%	6%

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia.



As áreas de actividade industrial pública en Galicia non coinciden exactamente co modelo español en xeral. Existe unha grande concentración e especialización en catro tipos de actividades que, no seu conxunto, supoñen o **96%** dos ocupados no sector público industrial nesta comunidade.

1. Defensa: representada por Bazán e Santa Bárbara, concentra o **36%** do emprego do sector. A factoría galega da Empresa Nacional Bazán representa o 45% dos empregos da empresa a nivel nacional.
2. Enerxía: representada por Endesa, emprega ao **22%** dos ocupados do sector público industrial en Galicia.
3. Naval: o sector naval público sufriu unha dura crise desde 1973 e un longo proceso de reconversión desde 1983, o que significou unha constante perda de empregos. Os asteleiros galegos aportan un **19%** dos ocupados.
4. Aluminio: Galicia concentra unha grande porcentaxe da produción básica deste metal, aínda que non hai unha actividade transformadora importante. Tamén dá traballo ó **19%** dos ocupados do sector público industrial.

A Comunidade galega non foi allea á crise do sector industrial dos últimos anos. Galicia foi unha das comunidades máis afectadas, cunha caída de 9.139 empregos, pola redución dos cadros de persoal de empresas estatais como Bazán ou Santa Bárbara, pero tamén doutras presentes só nesta terra, como Astano e Barreras, que darán traballo a 5.596 persoas cando remate 1996. Barreras pasou de 1.653 a 376 empregados (-77,2%) y Astano, de 5.854 a 1.488 traballadores (-74,58%). Pola súa banda, Bazán e Santa Bárbara, aínda inmersas nos seus respectivos procesos de reconversión, contarán con 7.375 e 1.827 traballadores, respectivamente, cando termine o ano 1996.

2.7.- ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA

Análise financeira

Na empresa pública, o proceso denominado **autofinanciación**, que se define contablemente como o beneficio neto non distribuído máis amortizacións (beneficio - impostos - dividendos + amortizacións), é casi inexistente.

Os recursos públicos sempre teñen, directa ou indirectamente, un coste implícito coñecido como “coste de oportunidade”. Un dos indicativos máis representativos deste coste de oportunidade ven dado pola relación entre a rendibilidade dos recursos propios e os tipos de xuro da débeda pública.

Cadro 18.- Rendibilidade dos recursos propios e da débeda pública

Rendibilidade recursos propios	86	87	88	89	90	91
Total empresas	3,8	7,0	9,5	9,6	6,2	3,8
Empresa pública	-	2,5	5,9	6,6	3,7	1,1
Empresa privada	6,1	9,6	11,7	11,3	7,7	5,6
Intereses débeda pública	11,4	12,8	11,7	13,8	14,5	12,4

Fonte: Central de Balances, Banco de España 1992. Elaboración Trigo Portela

A bondade dunha estrutura de capital determinada depende da comparación entre o custo da débeda e a rendibilidade dos recursos propios. Cando o custo da débeda é inferior á rendibilidade dos recursos propios, interesa acudir ó capital alleo, xa que se produce un efecto positivo sobre a rendibilidade financeira dos fondos propios.

Pero no caso da empresa pública óptase por unha estrutura de elevado endebedamento, cando a rendibilidade da inversión é inferior o custo financeiro, polo que se produce un efecto negativo e un progresivo deterioro da rendibilidade dos fondos propios.

Non podemos facer análises comparativas entre sociedades que non sexan homoxéneas porque nos levarían a erros, pero en caso de ter que facelo sería convinte ter en conta o seguinte:

a) no que respecta á empresa pública, pódese tratar de empresas que pola súa rendibilidade económica non foran atractivas para a iniciativa privada, pero que foran necesarias por razóns sociais, estratéxicas...

b) tamén se pode tratar de empresas que, sendo nun principio privadas, tiveran, como consecuencia dunha mala xestión, que ser absorbidas, para a súa supervivencia, polo sector público.

Fronte a esto están as empresas privadas, que tan só buscan a rendibilidade económica, sen ter en conta os demais aspectos antes mencionados, polo que non é posible facer análises comparativas.

Os cadros seguintes mostran os ratios da análise de balances para as empresas estatais, ademais deses mesmos ratios por grupos de actividade en Galicia.

Cadro 19.- Ratios de Análise de Balances

	Análise financeiro			
	Autonomía Financeira	Fondo de Maniobra	Productividade	Rentabilidade C. Propio
Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea.	15.196,00	12.221,00	0	0
Agencia Industrial del Estado	10.713,00	- 287,00	0	0
Autoestradas de Galicia, S.A.	322,00	49,00	0	0
Autopistas del Atlántico, S.A.	9.965,00	5.013,00	0	0
Consorcio de Compensación de Seguros.	- 36.157,00	- 36.157,00	0	0
C.S.I. Corporación Siderúrgica, S.A.	18.658,00	10.273,00	0	0
División de Construcción Naval	5.610,00	1.370,00	0	0
Empresa Nacional Bazán, S.A.	- 1.007,00	- 2.340,00	0	0
Empresa Nacional Santa Bárbara, S.A.	- 1.764,00	- 3.656,00	0	0
E.N.A.T.C.A.R.	640,00	604,00	0	0
Ente Público R.T.V.E. Consolidado.	- 89.731,00	- 124.461,00	0	0
Ente Público R.T.V.E.	- 89.740,00	- 124.466,00	0	0
Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE).	- 9.321,00	- 11.121,00	0	0
Paradores de Turismo de España, S.A.	2.876,00	2.670,00	0	0
Puertos del Estado y Autoridades Portuarias.	17.432,00	15.516,00	0	0
R.E.N.F.E.	- 67.280,00	- 172.919,00	0	0
Retevisión.	9.606,00	6.821,00	0	0
Radio Nacional de España, S.A.	10,00	5,00	0	0
Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima.	- 7.886,00	- 7.886,00	0	0
S.E.P.E.S.	5.030,00	4.892,00	0	0
SEPI Consolidado.	556.431,00	396.498,00	0	0
Sociedad Estatal de Participaciones Industriales.	62.569,00	- 6.703,00	0	0
Tabacalera, S.A.	26.010,00	24.825,00	0	0
Televisión Española, S.A.	0,00	0,00	0	0

Autonomía Financeira	=	$\frac{\text{Recursos Propios}}{\text{Pasivo Esigible Total}}$
Fondo de Maniobra	=	$\frac{\text{Disponible} + \text{Realizable}}{\text{Pasivo a Corto}}$
Productividade	=	$\frac{\text{Beneficios Netos} + \text{Carga Financiera}}{\text{Recursos Propios} + \text{Pasivo Esigible Total}}$
Rentabilidade Capital Propio	=	$\frac{\text{Beneficio Neto}}{\text{Recursos Propios}}$

Fonte: Elaboración propia. CES-Galicia a partir dos Presupostos Xerais do Estado 1997

Cadro 20.- Ratios de Análise de Balances por Grupos de Actividades de Galicia

	Autonomía Financeira:	Fondo de Maniobra:	Productividad	Rentabilidade do capital propio:
Grupo de actividades do turismo, viaxes e ocio	0,57	1,14	0,06	0,09
Grupo de actividades dos servizos empresariais	0,84	1,25	0,09	0,15
Grupo de actividades dos servizos sociais	0,58	1,01	0,13	0,24
Grupo de actividades da electricidade, a enerxía e a auga	0,70	1,12	0,10	0,18
Grupo de actividades dos transportes	0,69	1,24	0,11	0,21
Grupo de actividades do naval	0,01	0,96	- 0,04	- 9,20
Grupo de actividades da industria auxiliar	0,61	1,35	0,09	0,17
Grupo de actividades de fabricación e distrib. de artigos diversos	0,55	1,12	0,06	0,15
Grupo de actividades da pesca	0,52	1,22	0,11	0,19
Grupo de actividades da alimentación (excepto pesca)	0,53	1,13	0,09	0,19
Grupo de actividades dos minerais non metálicos	0,82	1,45	0,10	0,18
Grupo de actividades da construción e obras públicas	0,38	1,28	0,08	0,24
Grupo de actividades do textil-confección	0,90	1,05	0,15	0,26
Grupo de actividades da madeira e actividades relacionadas	0,74	1,19	0,10	0,15
Grupo de actividades do papel, edición e imprenta, Artes gráficas	0,53	1,13	0,12	0,24
Grupo de actividades dos produtos químicos e derivados	0,56	1,31	0,10	0,20
Grupo de actividades da automoción	0,76	1,41	0,05	0,09

Autonomía Financeira	=	$\frac{\text{Recursos Propios}}{\text{Pasivo Esixible Total}}$
Fondo de Maniobra	=	$\frac{\text{Dispoñible} + \text{Realizable}}{\text{Pasivo a Corto}}$
Productividade	=	$\frac{\text{Beneficios Netos} + \text{Carga Financeira}}{\text{Recursos Propios} + \text{Pasivo Esixible Total}}$
Rentabilidade Capital Propio	=	$\frac{\text{Beneficio Neto}}{\text{Recursos Propios}}$

Fonte: Elaboración propia. CES-Galicia a partir de datos de ARDAN.

Análise económica

O finalizar o ano 1991, e segundo datos dunha enquisa feita polo Banco de España entre 301 empresas públicas, as firmas que responderon contaban cunha financiación permanente -excluída o financiamento do circulante- por importe de 11,8 billóns de pesetas (6,4 billóns de pasivo alleo e 5,4 billóns de recursos propios).

Estas mesmas empresas públicas aportaron 3 billóns de pesetas en valor engadido, cifra que, comparada cos 51,4 billóns de valor engadido bruto do conxunto da economía naquel ano, significa que a aportación relativa das 301 empresas acadou o 5,9% do VEB.

Os datos parecen confirmar unha maior participación (máis do dobre) das empresas públicas no crédito que na súa aportación ó valor engadido. O incremento de valor engadido necesitou un aumento dez veces maior de financiación allea. Este feito

parece indicar que, no 1991, as empresas públicas demandaron importantes recursos financeiros por razóns distintas ó crecemento da súa actividade empresarial.

A mesma enquisa feita entre as empresas privadas permitiu deducir que este grupo de empresas privadas necesitaba menos financiación allea por unidade de VEB. En 1991, un incremento de 341.000 millóns de VEB coincidiu cun maior endebedamento de 738.000 millóns (unha relación do 0,4) o que equivale a dicir que cada peseta de endebedamento coincidiu cun maior valor engadido de 40 céntimos, cifra que contrasta cos menos de 10 céntimos por peseta de endebedamento que se mencioaba para o caso das empresas públicas.

Sen embargo, as empresas con maioría de capital público sortean a crise mellor que as privadas. A rendibilidade económica caeu en 1992 tres puntos nas empresas privadas grandes (de 8,8 a 5,8), mentras que esa caída foi de 1,3 puntos nas empresas públicas grandes (de 6,3 a 5,0). Un comportamento semellante obsérvase ó analiza-la rendibilidade financeira: unha redución de 5,5 puntos nas grandes compañías privadas (de 5,5 a 0) fronte a un descenso de 2,4 puntos nas grandes empresas dependentes do Estado (de 1,2 a -1,2).

Da análise económico do conxunto das empresas públicas do Estado extráese un dato concluínte: segundo datos de 1994, a empresa pública no seu conxunto obtivo beneficios antes de impostos por valor de 60.000 millóns de pesetas, con porcentaxes moi altas. Atopámonos, polo tanto, ante empresas con elevados niveis de beneficios. Os resultados negativos das empresas instaladas en Galicia limítanse ao sector de construción naval.

Cadro 21.- Central de Balances: comparación empresa pública-empresa privada.

1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993
------	------	------	------	------	------	------	------	------	------

Ratio de Rendibilidade económica

Públicas	6,6	7,0	10,5	9,2	10,9	10,5	9,2	7,3	6,7	3,5
Privadas	9,6	9,6	10,3	12,7	13,9	14,2	12,4	10,5	7,6	6,7

Ratio de endebedamento

Públicas	58,7	56,2	53,7	50,5	46,9	46,1	47,4	48,5	50,9	51,2
Privadas	50,5	52,5	52,1	49,7	46,3	43,9	43,3	45,2	47,5	50,2

Ratio de Gastos financeiros sobre recursos alleos remunerados

Públicas	13,5	11,6	10,5	11,3	10,6	11,0	11,5	11,0	10,6	10,3
Privadas	14,6	12,8	12,1	12,8	12,4	13,1	14,1	13,2	12,6	11,6

Ratio de Rendibilidade dos recursos propios

Públicas	- 3,1	1,1	10,5	7,1	11,1	10,1	7,1	3,8	0,6	3,7
Privadas	4,5	5,9	8,5	12,7	15,2	15,1	11,2	8,3	3,1	0,4

Ratio Subvenciones de explotación recibidas Públicas/Privadas

Púb./Priv.	12,9	11,7	10,5	6,0	7,2	9,9	5,5	6,0	7,4	8,8
------------	------	------	------	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Ratio Gastos de persoal por traballador Públicas/Privadas

Púb./priv.	1,0	1,0	1,1	1,1	1,1	1,1	1,1	1,2	1,1	1,1
------------	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Ratio Soldos e salarios por traballador

Púb./Priv.	0,9	0,7	1,2	0,9	1,3	1,1	0,8	1,3	1,0	0,9
------------	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Fonte: Banco de España, 1995. Elaboración de Trigo Portela e propia do CES-Galicia.

Cadro 22.- Ratios por grupos de actividades

	(millóns de pesetas)			Ratios			
	Valor empresa		VI				
	Valor Actual	F. Propios		A/VI	G/VI	GF/VI	B/VI
Grupo de actividades do turismo, viaxes e ocio	6.874	23.488	81.536	68,49%	23,06%	7,70%	1,26%
Grupo de actividades dos servizos empresariais	55.028	19.029	50.606	46,63%	38,08%	5,51%	9,79%
Grupo de actividades dos servizos sociais	9.616	6.241	20.665	39,88%	47,25%	8,69%	4,19%
Grupo de actividades da electricidade, a enerxía e a auga	32.232	16.327	23.666	63,94%	13,29%	10,51%	12,26%
Grupo de actividades dos transportes	44.725	23.227	77.278	63,53%	24,37%	6,89%	5,21%
Grupo de actividades do naval	- 110.588	590	45.175	71,72%	40,34%	9,97%	-22,03%
Grupo de actividades da industria auxiliar	105.654	73.432	249.465	75,37%	16,01%	4,80%	3,81%
Grupo de actividades de fabricación e distrib. de artigos diversos	18.094	10.854	70.349	84,66%	11,28%	1,75%	2,31%
Grupo de actividades da pesca	109.068	74.366	343.570	82,37%	10,25%	4,52%	2,86%
Grupo de actividades da alimentación (excepto pesca)	69.130	52.687	389.504	89,02%	6,82%	2,57%	1,60%
Grupo de actividades dos minerais non metálicos	78.427	47.277	95.357	60,05%	25,07%	7,47%	7,40%
Grupo de actividades da construción e obras públicas	226.084	105.229	345.733	73,40%	17,20%	3,52%	5,89%
Grupo de actividades do textil-confección	151.094	70.972	267.735	82,40%	9,23%	3,29%	5,08%
Grupo de actividades da madeira e actividades relacionadas	56.085	44.688	129.418	76,47%	13,32%	6,31%	3,90%
Grupo de actividades do papel, edición e imprenta. Artes gráficas	15.736	9.907	39.933	67,01%	22,68%	6,76%	3,55%
Grupo de actividades dos produtos químicos e derivados	23.490	13.411	67.311	83,58%	10,22%	3,05%	3,14%
Grupo de actividades da automoción	82.733	108.333	590.134	86,28%	9,56%	2,90%	1,26%

Valores en millóns

VI=Valor da produción+Ingresos financeiros+Resultados Proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionales

A=Aprovisionamentos+Gastos externos e de explotación

G=Gastos de Personal e Outros

GF=Gastos, Dotacións para Amortizacións e provisiones financeiras


B=Resultado antes de impostos e subvencións

Fonte: Elaboración propia. CES-Galicia a partir de datos de ARDAN.

Endebedamento.- O estudo das principais transferencias correntes e de capital que o Estado concedeu a empresas non financeiras nos últimos anos indica que arredor dun 40% das transferencias correntes e máis do 20% das de capital diríxense a RENFE, FEVE y RTVE.

O endebedamento vivo do conxunto da empresa pública española a finais de 1995 acadaba os 5,4 billóns de pesetas, dos que 1,3 billóns correspondían a RENFE; 332.000 millóns, a RTVE; e 534.000 millóns, ó grupo de empresas incluídas na Axencia Industrial do Estado (AIE).

Gráfico 5.- Evolución da débeda do INI



Fonte: Ariño Ortiz, 1995.

Datos económicos das principais empresas públicas en Galicia

Cadro 23.- Principais entidades do sector público empresarial do Estado

(datos referidos a 1993 excepto*)

Empresas	Nº Traballadores	Ingresos explotación (miles de mill.)	Beneficio neto (miles de mill.)	Capital social en empresa matriz (miles de mill.)	% Participación do Estado en empresa matriz
Grupo Corp.Sider.Integr.	18.644	279,1	- 54,0	10,1	100,0
ASTANO	1.986	12,6	- 9,7	6,2	100,0
Santa Bárbara	3.683	11,3	- 16,9	1,0	100,0
Bazán	8.215	55,5	- 10,0	3,9	100,0
ENDESA*	16.724	777,7	132,7	208,0	66,9
REDESA*	1.098	54,8	8,2	45,1	53,1
ENUSA*	702	35,3	1,8	10,0	100,0
Iberia/Aviaco*	35.327	597,0	- 44,0	213,3	99,9
INESPAL*	4.947	121,0	- 16,0	53,3	98,3
ENCE*	804	38,0	2,0	18,0	53,1
BWE*	2.150	56,3	0,2	10,0	100,0
AUXINI*	1.834	51,2	1,4	5,2	100,0
REPSOL	18.797	2.216,6	80,1	150,0	21,5
Gas Natural	4.102	155,3	14,7	22,4	1,6
Telefónica	84.056	1.297,4	96,4	469,7	31,9
Tabacalera	10.101	668,1	4,8	18,4	52,4
Agencia EFE	1.031	9,6	- 1,5	5,6	99,4
Paradores	4.295	19,6	-	15,9	100,0
RENFE	41.626	173,0	- 57,9	561,1	100,0
FEVE	2.345	3,2	- 6,6		100,0
RTVE	9.847	79,3	- 95,2		100,0
Puertos del Estado		83,9			100,0

Fuentes: INI, Teneo, INH, Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, MOPTMA, Fomento da Producción e Servicio de Estudios de La Caixa, 1995.

* Datos referidos a 1994.

Cadro 24.- Investimentos das empresas públicas en Galicia por provincias

Investimentos (m)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
R. Petróleo	6.120				6.120
CLH	589			888	1.476
R. Comercial	767	773	767	778	3.085
R. Butano	553	4		50	607
G. Inespal	73	295			368
Endesa	10.141	817			10.958
Redesa	378	9	910	22	1.319
B.W.E.	158				158
Emesa	94				94
Ence				213	213
(1)				1.917	1.917
Bazán	423				423
Div. Const Nav	748			221	969
Grp. Transporte Aéreo	74				74
TVE	6				6
RNE	2	4	2	4	12
Retevisión	146	8	33	22	208
(2)	82	46	35	33	196
SEPES	878		1	44	923
S.E.SAL.MAR	81				81
Paradores	9	3	2	31	44
Tabacalera	2				2
Telefónica	93.360	4.578	3.001	5.483	106.422
TOTAL	114.684	6.536	4.751	9.705	133.563

(3)

(1) Datos de 1995. Ence, Informe anual de 1995.

(2) Datos de 1995. Retevisión. Informe anual de 1995.

(3) Excepto datos 1995.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello de Relacións Laborais, 1995.

AQUÍ VA EL CUADRO 25

Cadro 26.- Territorialización de datos económicos das empresas públicas estatais en Galicia.

	Emprego			Ventas (millóns)			Inmovilizado (millóns)		
	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%
REPSOL	959	18.797	5,10%	287.800	2.371.850	12,13%	-	-	-
G. Inespai	2.107	4.947	42,59%	89.811	123.151	72,93%	-	-	-
Endesa	2.309	16.724	13,81%	105.545	405.018	26,06%	1.920.079	-	-
Auxini	85	1.834	4,63%	-	-	-	-	-	-
Sta. Bárbara	258	3.683	7,01%	-	-	-	-	-	-
B.W.E.	310	2.150	14,42%	-	-	-	-	-	-
Ence	373	804	46,39%	18.071	37.903	47,68%	39.137	-	-
Bazán	4.045	7.880	51,33%	34.660	55.464	62,51%	19.600	-	-
Astano	1.971	1.986	99,24%	10.201	-	-	-	-	-
Barreras	454	454	100,00%	4.358	-	-	2.573	2.573	100,00%
G. Trans. Aéreo	204	35.327	0,58%	-	-	-	326.844	-	-
RTVE	171	9.847	1,74%	-	-	-	-	-	-
Redesa	38	1.098	3,46%	-	-	-	-	-	-
Retevisión	75	1.259	5,96%	-	-	-	64.934	-	-
RENFE	1.848	41.626	4,44%	-	-	-	-	-	-
FEVE	81	2.345	3,45%	-	-	-	-	-	-
Audasa	259	259	100,00%	-	-	-	127.573	-	-
EEE	12	1.031	1,16%	-	-	-	-	-	-
Paradores	442	41.626	1,06%	-	-	-	9.805	-	-
Tabacalera	455	10.101	4,50%	34.683	731.219	4,74%	81.720	-	-
Telefónica	3.555	94.056	4,23%	-	-	-	-	-	-
INI	-	-	-	-	-	-	226.900	1.712.100	13,25%
INH	-	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAL	20.011	287.834	6,95%	-	-	-	-	-	-

Fuentes: Elaboración propia a partir de datos do Consello Galego de Relacións Laborais 1995, 1996. INI, Teneo, INH, Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, MOPTMA, Fomento da Producción e Servicio de Estudios de La Caixa, 1995. Informes anuais de Retevisión, Ence, Iberia, Bazán, Paradores, Barreras, Tabacalera, Endesa e Audasa 1995. CC.OO. Galicia, 1996. Datos INI e INH de 1982

cuadro 27

O stock de capital público autonómico

O stock de capital a partir de series de inversión é o conxunto dos medios de produción, que, previamente, tiveron que ser creados. O estudo do mesmo é fundamental para valorar a base sobre a que se desenvolve a actividade económica da Comunidade Autónoma e a súa evolución permite determinar o seu futuro.

O stock de capital bruto é o volumen de capital utilizado no proceso productivo nun momento de tempo.



O stock de capital neto é o stock de capital bruto descontada a depreciación.

Os valores aproximados do conxunto de medios de produción das empresas públicas en Galicia reflíctense dun xeito aproximado no **cadro 27**.- Valor da empresa e ratios de costes territorializados, no que se tenta cuantifica-la importancia da súa aportación ó stock de capital público.

As administracións públicas enfróntanse á necesidade de compaxina-la escasez de recursos coa prioridade de manter dotacións para a formación dos stocks de capital público nos niveis axeitados que permitan incidir no crecemento da actividade económica e social do seu territorio.

Actualmente en Galicia as porcentaxes, respecto a España, de stocks netos de capital público son do 5% (1.456.599 millóns de ptas. do 1992). Existe unha diferenza dun 2% (566.093 millóns de ptas. do 1994) para unha distribución con equidade territorial e poboacional dos investimentos públicos.

A necesidade de manter e aumenta-los stocks de capital público na Comunidade de Galicia deber ser un criterio fundamental para orienta-la reinversión en Galicia dos fondos procedentes dos procesos privatizadores que poidan afectalos.

Gráfico 6.- Evolución do Stock de Capital Neto en Galicia**Gráfico 7.- Variación do Stock de Capital Neto en Galicia**

2.8.- EMPRESAS PUBLICAS OU PRIVATIZACIÓNS

No actual debate sobre a empresa pública atópanse dúas posturas enfrontadas: a que aposta polo mantemento destas empresas e a que avoga pola súa privatización. Neste apartado apúntanse as razóns das dúas teorías.

A presenza das empresas públicas en Galicia

A decisión de manter as actuais empresas públicas debe tomarse sobre unhos principios máis amplos que a rendibilidade das mesmas en termos meramente económicos:

- 1.· Mellora do nivel de vida da poboación.
- 2.· Desenvolvemento económico máis equilibrado.
- 3.· Crecemento inducido no territorio.
- 4.· Garantía de abastecemento de determinados bens.
- 5.· Creación de emprego pola substitución de importacións.
- 6.· Diminución dos niveis de desemprego.

As razóns históricas do asentamento do sector público do Estado en Galicia foron as seguintes:

1. A defensa da industria incipiente, momento no que os costes derivados da posta en marcha dunha nova actividade poden ser superiores ós beneficios directos. É especialmente salientable o papel do sector público no desenvolvemento tecnolóxico dun país a través de instrumentos como a participación en sectores de alta tecnoloxía, a política de incentivos á innovación ou mediante a contratación pública deses produtos ou servicios punteiros. Esta función de axuda ó desenvolvemento industrial do territorio explica a creación dalgunhas empresas públicas, como ENCE.
2. O aproveitamento dos rendementos externos xerados pola súa actividade, rendementos non aproveitables pola propia empresa e que, polo tanto, non resultan interesantes para unha empresa privada. É o caso de tódolos servicios públicos como tales, extendidos a toda a poboación, que, aínda que non sexan rendibles desde o punto de vista privado, puramente económico, si o son desde una óptica social.

3. A defensa da libre competencia para romper posibles monopolios no mercado e que poden fomenta-la competencia no mercado.
4. As accións redistributivas da renda e o emprego e a promoción do desenvolvemento de certas áreas económicas. Galicia está obxectivamente interesada na defensa, tanto a nivel interno como a nivel español e europeo, do mantemento dos principios de igualdade e cohesión na provisión de servicios públicos.

Os sectores que inicialmente considerábanse estratéxicos e sobre os que o Estado seguiría mantendo o control eran os da enerxía, telecomunicacións, finanzas e transporte. Pero a definición dos intereses xerais sufriu fortes variacións nos últimos tempos. A pertenza á Unión Europea impón á empresa pública a necesidade de cumprir unha serie de disposicións adicionais que a afectan de modo inmediato: a esixencia de transparencia nas relacións financeiras entre o Estado e as súas empresas, apertura dos mercados públicos, clarificación das regras de tarificación, limitación das posibilidades de subsidiación cruzada, separación das funcións de regulación do mercado e oferta de bens e servicios, definición máis precisa das misións de interese xeral asignadas ás empresas públicas e avaliación dos costes que estas misións orixinan, definición máis estricte de monopolios e dereitos exclusivos de explotación.

Segundo esta estratexia, o Estado reduciría a súa presenza a longo prazo en Endesa, Repsol, Gas Natural, Telefónica, Argentaria e Renfe cos seus respectivos grupos. Pero, aínda nestes, e a pesar da política de privatizacións parciais do seu capital, manteríanse unhas porcentaxes mínimos imprescindibles para garantir, xunto coutras medidas, un certo control da xestión.

Privatizacións

A teoría clásica que apoia a intervención do sector público na economía basease nos fallos do mercado e orientase en tres ramas de actuación que se refieren ós obxectivos de asignación, distribución e estabilización e crecemento. O problema é que eses obxectivos non se cumpren e que nesa análise non se ten en conta a realidade de que, nalgúns casos, a empresa pública presenta un nivel de perdas que afecta a toda a colectividade.

Os obxectivos de asignación, distribución e estabilización e crecemento non sempre se cumpren. Este é o principal argumento das privatizacións. A asignación -a consecución da máxima eficiencia posible- non se plasmou na realidade, como pon de manifesto unha sinxela análise comparativa dos resultados obtidos polas empresas

públicas e privadas. As razóns que explican esta diferenza son, entre outras, a falta de controles da actuación das empresas públicas, a indefinición dos obxectivos e criterios de comportamento, os cambios políticos e as súas consecuencias e a falta de motivación do persoal que presta os seus servizos nas empresas públicas.

En moitos casos a privatización das empresas públicas xustifícase como unha das vías máis rápidas de saneamento das finanzas públicas: por unha banda, elimina á necesidade de subvencionar as perdas das empresas ou a de facer investimentos para garantir a súa viabilidade; por outra, xera ingresos directos pola enaxenación das participacións públicas. Para que a posible venda dos seus activos xenere ingresos netos ó Estado é necesario que o prezo de venda sexa superior ó valor descontado dos seus futuros fluxos de ingresos.

Para a súa venda, a valoración dun activo productivo é equivalente ó valor actual da corrente de beneficios futuros agardados, que se calcula aplicando unha taxa de desconto similar á de rendibilidade pasada dese activo ou á de a rendibilidade esperada. Desde ese punto de vista, e cunha taxación correcta, sería indiferente mante-la propiedade ou vendela.

Sen embargo, na práctica parece existir unha clara tendencia á infravaloración das participacións públicas cando se venden, de xeito que os ingresos que se obteñen non son tan substanciosos como cabería esperar e, á vez, os compradores conseguen facerse con valores moi interesantes a un prezo barato.

O atractivo universal da privatización parecía radicar en que o mercado mide -e responde- ás eleccións e preferencias das persoas máis adecuadamente que o proceso político. Pero as operacións privatizadoras de principal envergadura concéntranse nos momentos en que son máis acuciantes as **necesidades financeiras** do sector público. Estas necesidades poden ser consecuencia da propia evolución das variables presupostarias ou mesmo dos compromisos contraídos no proceso de converxencia europea (Maastrich). En xeral, os expertos sinalan que, na aplicación do proceso de privatización en España, atópase unha evidente subordinación dos obxectivos clásicos de carácter microeconómico (en termos de eficiencia productiva das empresas) a obxectivos macroeconómicos de índole presupostaria (reducción do déficit público e do volume de débeda pública).

Por outra banda, a selección de activos de empresas públicas transferidos oríéntase, prioritariamente, cara á privatización parcial de empresas rendíbles e con obxectivos sociais heteroxéneos.

En España sucedéronse varias ofertas públicas deste tipo: Repsol (anos 1989, 93 e 95), Corporación Bancaria de España (Argentaria) (1993), Endesa (1994) e Telefónica

(1995). Está prevista unha segunda oferta de títulos de Argentaria, a cuarta de Repsol e unha primeira de títulos de Ence.

No caso de Galicia, a privatización afectou directamente a cinco empresas: a cárnica Frigsa e a láctea Lesa, no sector da alimentación; Motores Barreras-Deutz (hoxe, xa pechada), en construción naval; GNK, no sector do automóbil; e o Grupo de Empresas Álvarez, na artesanía industrial.

As empresas galegas afectadas directamente pola privatización foron as devanditas cinco, aínda que polos seus efectos sobre o emprego foron máis importantes os planos de reconversión que sufriu o sector naval e o de fertilizantes.

As empresas privatizadas sufriron diversos avatares e sortes diversas. Lactaria Española (Lesla) foi adquirida polo grupo lácteo Leyma (unha parte foi para a empresa vasca Iparlat), que plantexou unha reestructuración integral da firma para logra-lo peche do exercicio con resultados equilibrados. Lactaria Española, formaba parte do grupo Tabacalera.

- Argentaria: Este grupo bancario está formado por máis de setenta bancos e sociedades financeiras. Despois de varias privatizacións parciais, a intención, a medio prazo, é a privatización total do grupo.

- Endesa: O grupo Endesa é o que proporciona máis beneficios á Sociedade Estatal de Participacións. A SEPI mantén unha participación maioritaria, que podería reducirse en breve, pois é unha das empresas susceptibles de privatización segundo os planos do Goberno. En 1994, o Estado puxo á venda un 10% das accións (Endesa II). Esta venda supuxo uns ingresos de 180.000 millóns de pesetas e estivo motivada polas necesidades de financiación do grupo de empresas. O grupo Endesa xa tiña sacado a Bolsa o 20% das accións (Endesa I), da súa firma en 1988. O INI acudiu ós mercados de capitais para colocar 53 millóns de accións de Endesa. Foi o primeiro paso para a presenza da firma nos mercados financeiros nacionais e internacionais. A demanda do mercado superou con moito a oferta de venda realizada pola empresa (Cadro E).

- Inespal: Está tamén en proxecto a venda dunha parte do grupo que controla a produción e tratamento de aluminio en España. A práctica totalidade das accións estaba en mans da SEPI.

- Paradores de Turismo: Propiedade do Estado a través do grupo Patrimonio, estúdanse diversas fórmulas, coma a xestión mixta, a venda total da empresa ou a venda dalgúns dos seus establecementos.

- Repsol: O grupo petrolero foi protagonista dunha das últimas privatizacións e unha das máis exitosas (a demanda provocou o aumento da porcentaxe de capital a privatizar inicialmente previsto, ata o 19%). Despois de varias vendas parciais, o Estado aínda mantén un 21 % do capital.

- Santa Bárbara: Esta empresa nacional de construcciones militares pertence á AIE, que segregará as actividades non militares para privatizalas total ou parcialmente.

- Tabacalera: O Estado posúe o 53,36% do grupo, que mantén paquetes accionariais importantes noutras empresas do sector tabaquero e de alimentación. Algunhas das súas empresas xa teñen sido privatizadas e propúsose a privatización doutras.

- Telefónica: Aínda está participada polo Estado nun 20% despois da derradeira privatización, que tivo lugar o ano pasado.

Cadro 28.- Valor das participacións do Estado en sociedades cotizadas (ó 4-VI-97)

Sociedade	Nº accións emitidas	Participación estatal (%)	Precio acción ó 4-VI-97	Valor (millóns de ptas.)
ARGENTARIA	125.500.000	52,40	7.500	941.250
TABACALERA	36.823.432	53,50	7.400	272.493
TELEFONICA	939.470.820	31,80	4.215	3.959.870
AMPER	13.954.583	24,00	3.825	53.376
ENHER	18.221.196	91,40	3.370	61.405
FECSA	208.592.832	48,90	1.295	270.128
UNION FENOSA	290.976.895	9,90	1.285	373.905
GESA	11.290.097	55,30	8.100	91.450
ENCE	18.000.000	69,90	2.210	39.780
GAS NATURAL	37.314.869	45,30	28.900	1.078.400
REPSOL	300.000.000	21,00	6.190	1.857.000
ENDESA	260.005.599	66,00	11.290	2.935.463
TOTAL				11.934.520

Fonte: Analistas Financieros Internacionales, 1996, e información bursatil 1997

Cadro 29.- Privatizacións públicas en Bolsa

(en millóns de pesetas)

Empresa	Ano	Vendido (%)	Ingresos
GESA	1986	40	8.000
TELEFONICA	1987	7	70.000
ENDESA I	1988	20	87.000
ENCE I	1988	40	18.000
REPSOL I	1989	25	105.000
REPSOL II	1992	11	80.000
ARGENTARIA I	1993	49	305.000
REPSOL III	1993	13	105.000
ENDESA II	1994	10	180.000
REPSOL IV	1995	19	200.000
ENCE II	1995	10	12.000
TOTAL			1.170.000

Fonte: Analistas Financieros Internacionales, 1996.

3.1.- CONSIDERACIÓN XERAIS

As consideracións xerais e específicas sobre o sector público empresarial e a análise das causas e os efectos da política política de privatizacións para a Comunidade Autónoma de Galicia realízase desde o punto de vista das organizacións, entidades e asociacións representadas no CES- Galicia.

1. Considérase necesaria a mellora continua do sector público empresarial baixo os principios de eficiencia, eficacia e economía. Estas ideas parecen no contar nas decisións de privatización.
2. Considérase que a integración europea, o desarme arancelario e o obxectivo de integración na moeda única europea ten producido unha situación delicada para o sector público, pola maior competencia no novo “mercado” e pola dificultade de continuar co financiamento público incondicionado, que é demandado por outros usos alternativos.
3. Non é obxecto deste informe a análise da bondade da negociación da integración española na U.E. nin da moeda única. Soamente é importante constatar que a situación económica derivada destes procesos é unha das referencias permanentes da política de privatizacións.
4. Tamén se aprecia, mesmo na nova “Ley de Presupuestos Generales del Estado para 1997”, que a decisión de privatizar empresas é conseguir financiamento, vía venta de empresas públicas, para reinvertir en infraestructuras públicas. Trócase cualitativamente o capital público desde a industria cara ás infraestructuras públicas. Neste sentido, constátase que a búsqueda de modelos alternativos para o financiamento de investimentos públicos é un obxectivo común en tódolos países membros da U.E. co fin de buscar fórmulas axeitadas que permitan compaxinar políticas presupostarias de control do déficit público co mantemento de políticas inversoras a corto prazo, que dado o seu efecto multiplicador, contribúan a asegurar un crecemento sostido da actividade económica, requisito que, á súa vez, resulta imprescindible para a propia viabilidade do obxectivo de control do déficit público a medio prazo.
5. Pola banda do financiamento, a situación coxuntural dos mercados financeiros, que se atopan con exceso de oferta como consecuencia da contracción do consumo a nivel nacional e da acumulación de capitais a nivel internacional, presenta potencialidades de recursos para intervir nos procesos inversores e privatizadores.

6. Todo apunta a que o equilibrio financeiro das administracións públicas terá que vir pola vía do axeitado redimensionamento do sector público, dado que as dificultades financeiras actuais non poden considerarse como coxunturais. As políticas fiscais actuais encamiñanse ó non incremento da imposición directa para evita-la contracción do consumo. A imposición indirecta non poderá compensar totalmente as restriccións financeiras ó estar sometida ó control necesario para evita-lo seu efecto inflacionista.
7. Parece tamén que o desarme arancelario está producindo un desarme social que fai inevitable profundizar nunha “redefinición” (Pactos de Toledo) do denominado “Estado do Benestar”. Pero este proceso complexo e de gran impacto social débese abordar desde o consenso e as súas expectativas de reequilibrio financeiro necesariamente deben producirse a longo prazo. En todo caso, considérase necesario manter e garanti-lo conxunto de gastos sociais fundamentais. O volume de “Estado de Benestar” que nos podamos permitir é a medida do noso éxito como sociedade; é o resultado cultural, social e económico duns dereitos gañados e mantidos polo noso acervo social e pola nosa produtividade global como sociedade. Aínda que os gastos sociais sexan o compoñente maior do gasto público, non se considera plantexable que a redución do déficit teña que vir do “desarme social”.
8. A redución da débeda debe vir da aplicación combinada de excedentes financeiros conseguidos polas diversas políticas fiscais, presupostarias e económicas:
 - Redución de gastos.
 - Incremento da produtividade e competitividade.
 - Loita contra o fraude fiscal.
 - Maior crecemento económico.
9. En España, a privatización aparece claramente asociada ás necesidades financeiras do sector público como fórmula coa que reduci-la débeda a corto prazo ou invertir en infraestructuras para reduci-la débeda a medio prazo. O endebedamento neto das Administracións Públicas (que representó en 1995 o 65,96% do PIB) continúa favorecendo o recurso á privatización como mecanismo xerador de ingresos ou limitador de gastos para o sector público:
 - Aumentando os ingresos públicos pola venda de activos de empresas de titularidade principalmente estatal.
 - Evitando gastos destinados a financia-las perdas de explotación dalgunhas empresas
 - Evitar gastos destinados ós programas de investimentos do sector público empresarial.

10. No debate sobre a reforma da empresa pública hai que insistir en que os factores decisivos da eficiencia non están na titularidade do capital, senón na competencia e a boa regulación. Por outra parte, o dualismo excluínte entre privatización versus reforma da empresa pública non responde ás esixencias da nosa economía.
11. A disciplina da oferta e a demanda só é posible cando a xestión empresarial se rixe por principios económicos no canto de políticos, sempre que os seus propietarios, os seus administradores, saiban que o éxito terá a recompensa dos beneficios e o fracaso será castigado con perdas que sufrirán eles mesmos. O xerente, no sistema actual, está máis preocupado das consecuencias políticas das súas decisións que das verdadeiras necesidades para garanti-la continuidade da empresa no mercado.
12. A ineficiencia dalgunhas empresas públicas pódese explicar polos seguintes rasgos xerais da súa xestión e funcionamento:
 - Disolución da responsabilidade pola mobilidade política dos xestores.
 - Falta de incentivos para acadar os obxectivos económicos.
 - Falta de obxectivos económicos definidos.
 - Falta de control rigoroso dos obxectivos conseguidos.
 - Falta do risco fundamental da empresa: a quebra.
 - Sobredimensionamento da empresa pública e crecemento inercial dos costes fixos.
13. A empresa pública só poderá responder con eficiencia ós obxectivos que dela se esperan se se lle permite actuar como tal, como verdadeira empresa. doutro xeito, esta institución, a “empresa pública”, non será instrumento axeitado para realiza-la tarefa que se lle quere encomendar.
14. A concepción da empresa experimentou cambios substanciais nos últimos tempos. Nin as empresas privadas son sempre eficientes, nin as públicas velan de continuo polo interese xeral. O importante é o nivel de competencia dos mercados, factor disciplinante por excelencia da discrecionalidade directiva.
15. É necesario redefinir o papel do Estado nunha economía aberta, con crecentes necesidades de descentralización, redefini-los servizos públicos e tamén os vínculos do económico e do social, pero sen que esa redefinición implique un desmantelamento ou debilitamento dos avances socialmente conseguidos, senón a súa consolidación e ampliación.
16. O Estado debe modifica-lo aparato normativo (lexislativo e regulamentario) para adaptarse ás necesidades dunha sociedade cada vez máis complexa. O seu papel non

se pode limitar só a respostar ás necesidades básicas dos cidadáns, senón que debe cubri-las demandas cada vez máis diversas e específicas: os novos retos que establece a ecoloxía, o desenvolvemento local, etc.

3.2.- CONSIDERACIÓNES ESPECÍFICAS

- **A decisión de privatizar**
 - **Os obxectivos da política industrial**
 - **A participación da Xunta de Galicia nas empresas públicas do Estado**
 - **O sector público autonómico**
 - **O stock de capital público autonómico**
 - **A inversión tecnolóxica en Galicia e a xeneración de tecido industrial**
-

A decisión de privatizar

1.- A empresa pública industrial ten en Galicia, e especialmente nalgúns comarcas, un enorme peso no emprego, na actividade e na estimulación da vida económica dese territorio, conformándose, en determinados casos, no centro mesmo da actividade productiva. Está presente en sectores de carácter estratéxico que artellan, en torno a eles, a actividade destas producións. Algún dos sectores básicos, en actividade e emprego, teñen como núcleo ás grandes empresas industriais de carácter público.

2.- Considérase que a decisión de privatización destas empresas, que obviamente é unha decisión estratéxica para o seu futuro, non pode tomarse desde o goberno central, senon que ten que ser compartida polo goberno autonómico. Recoméndase a participación da Xunta de Galicia nos procesos de decisión, a través de informes preceptivos previos e a presenza na denominada “comisión de privatización” cando debata sobre empresas con presenza significativa en Galicia.

3.- Considérase que o obxectivo que debería perseguir un proceso de privatización, no caso de que éste se dera, non pode ser o de obter recursos financeiros a curto prazo. A razón básica dunha proposta de privatización dunha empresa ten que se-la de acadar un maior grado de eficiencia que posibilite garantir a súa continuidade no futuro do emprego directo e inducido. Considérase necesario, por elo, que nos posibles

procesos de privatización prime este criterio, constituíndo un requisito básico a presentación dun plano industrial e un plano laboral que garantan o mantemento dos centros, da actividade e do emprego.

4.- Considérase de especial importancia a correcta elección dos posibles compradores de empresas públicas que poidan ser privatizadas para evitar que persoas e grupos sen a suficiente solvencia industrial e financeira podan apropiarse de empresas públicas a baixo precio, con fins especulativos, xerando graves problemas económicos e laborais. A elección de grupos empresariais sólidos, coñecedores do sector, de carácter industrial e, na medida do posible, con presenza previa en Galicia, ten que ser un principio básico.

5.- Considérase que os procesos de privatización, deberían ter unha participación activa as entidades financeiras galegas, o que permitiría plantexar os intereses de Galicia nas decisións estratéxicas, en especial as de localización de plantas, que tomen as empresas.

6.- Considérase que os planos de privatización das empresas públicas anunciados polo Goberno diríxense só as empresas que con maior facilidade poderían atopar inversores privados. Considérase imprescindible un tratamento global da empresa pública que estudie de forma simultánea as empresas a privatizar e os medios necesarios para a viabilidade das empresas públicas non incluídas no devandito proceso.

7.- O proceso privatizador de empresas públicas en España respondeu a criterios de racionalización e á obtención de fondos para financia-lo déficit orzamentario. O principal problema desta política privatizadora é a desaparición da propiedade estatal de fontes regulares de ingresos, que axudan a solventar-lo problema deficitario eventualmente pero que configuran un sector público empresarial composto por empresas deficitarias

8.- A experiencia alerta contra a frecuente infravaloración dos activos de empresas públicas que se enaxenan xa sexa a través de negociacións privadas ou de ofertas públicas de accións. No primeiro caso, pódese deber ó forte interese dos responsables públicos en desfacerse de empresas en dificultades, e, no segundo, ó desexo de conseguir unha pronta e atomizada colocación dos activos. Sen embargo, a utilización do sistema da oferta pública de venda de accións permitiría acadar os obxectivos económicos, políticos e de finanzas públicas sinalados como meta do proceso. Este sistema permitiría obter o mellor precio posible, salvo naquelas empresas que pola súa situación necesiten socios cualificados.

9.- Se os recursos financeiros obtidos da venda de empresas públicas se adican á redución do saldo da débeda pública estatal e non á redución do saldo da débeda pública autonómica ou a inversión en infraestruturas en Galicia, esta comunidade será

afectada pola redución das subvencións á explotación e ó capital nesas empresas realizadas pola Administración central. Produciríase, así, unha forte redución do stock de capital público na Comunidade Autónoma.

10.- Semella demostrado que un proceso total e descontrolado de privatización do sector público pode supor un serio atranco para a modernización da estrutura productiva dun país, pode frea-lo ritmo de investimento e, polo tanto, de crecemento económico a medio prazo e mesmo reduci-la eficacia do conxunto do sistema económico. No caso de Galicia, poderíase estar reducindo a capacidade financeira da nosa economía e, polo tanto, reducindo a taxa de crecemento a medio e longo prazo. En definitiva, a privatización pode implicar un novo debilitamento da capacidade de crecemento da economía galega.

Os obxectivos da política industrial

1. Considérase importante afondar nos obxectivos da política industrial, recollidos no Libro Blanco da Industria:
 - Aumenta-la sensibilidade da empresa pública ós rendementos do capital, logrando a optimización do valor patrimonial. Buscábase a competitividade internacional, a xestión eficiente e a dinamización do tecido productivo nacional, producindo efectos de arrastre nas pymes mediante a cooperación empresarial.
 - Consolidar un sector público máis reducido, pero máis saneado.
 - Estreitar relacións de cooperación empresarial co sector privado, logrando unha utilización máis eficiente dos recursos.
2. Para lograr este conxunto de obxectivos suscitábase a necesidade de aplica-lo criterio de investimento privado segundo as regras dunha economía de mercado nos comportamentos da empresa pública, introducir máis competencia nalgúns sectores (petróleo, eléctrico...) e determinar qué empresas públicas ían requirir-la continuidade do accionista público ou a súa privatización.

A participación da Xunta de Galicia nas empresas públicas do Estado

1. Unha parte do sector público empresarial do Estado atópase radicada no ámbito xeográfico das Comunidades Autónomas. Os respectivos Estatutos de autonomía conteñen en xeral disposicións polas que as Comunidades Autónomas poden participar na xestión do sector público económico estatal mediante a designación dos

seus propios representantes nos órganos de dirección dos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado con competencia no seu propio territorio e que pola súa natureza non sexan obxecto de traspaso, (segundo os principios de cooperación, coordinación e solidariedade que deben presidir o desenvolvemento económico español).

2. A importancia que a actividade do sector público estatal pode ter para un determinado territorio aconsellaría favorecer unha presenza máis relevante da Administración autonómica nos consellos de administración das empresas públicas.
3. Estímase que a participación institucional da nosa Comunidade Autónoma na xestión do sector público empresarial do Estado radicado en Galicia en aplicación dos artigos 30.II e 55.1. do noso Estatuto de Autonomía ten que ser o instrumento directo para avaliar a política industrial do mesmo e controla-la incidencia socioeconómica e financeira que as decisións de privatizar supoñen para Galicia.

O sector público autonómico

1. A existencia dun sector público empresarial por parte dos gobernos autónomos podería ser importante nas economías periféricas. Outros instrumentos de promoción teñen revelado xa a súa ineficacia e ademáis drenan cantidades importantes de recursos públicos vía subvencións, créditos subvencionados, etc.
2. Un sector público empresarial da Comunidade Autónoma permitiría afondar en mecanismos financeiros alternativos e necesarios para unha axeitada política en materia de investimentos públicos como elemento básico para a dinamización económica e social de Galicia.
3. As prácticas subxectivas utilizadas na constitución da empresa pública, baseadas en equívocos criterios de eficacia e axilidade como xustificación do obxectivo de mellora dos intereses públicos, deben abandoarse para establecer un control que xustifique a súa necesidade e que garanta os principios de eficiencia, produtividade e a maior rendabilidade no cumprimento dos intereses.
4. O estudo estratéxico das empresas públicas debería orientarse a compensa-las debilitadas estruturas do sistema productivo. Este obxectivo supón asumir, desde o **principio de subsidiaridade**, que as empresas públicas deberán actuar nos campos nos que a debilidade do sistema productivo é patente, en especial naqueles relacionados co equipamento productivo e a xeración de tecnoloxía, de xeito que sobre os mesmos se asente o dinamismo do sistema empresarial. Porque, desde un punto de vista xeral, un sector público galego sen estes límites podería ser contraproducente ou

un mero traslado da problemática sinalada para o sector público estatal ó ámbito autonómico.

5. As Caixas de Aforros, como entidades financeiras fundadas sen fin de lucro, poderían ser os socios idóneos para unha estratexia deste tipo. Neste caso, unha mellor regulación do papel e funcionamento das caixas podería favorecer unha adecuada coordinación dos obxectivos. Porque esta coordinación é fundamental. A política industrial ten que ser política rexional, inspirada e creada dentro das rexións, pero ó mesmo tempo ten que ser coherente no conxunto, a nivel interrexional, e os obxectivos comúns das rexións pódense perseguir dun xeito colectivo.

O stock de capital público autonómico

1. Habería que suxerir que os fondos procedentes das privatizacións se orienten á creación de stocks de capital público das Comunidades Autónomas afectadas por estes procesos. No caso de Galicia, os actuais stocks de capital neto deberían incrementarse na proporción que lle corresponde segundo a súa poboación e territorio: 7%.
2. Os programas de enlaces por autopistas coa meseta (aproximadamente, 200.000 millóns de pesetas) supoñerán unha mellora importante do déficit de stocks netos de capital público de Galicia. Pero o que se consideraría inadmisibile é que vía privatizacións se produza unha drenaxe para financiar outros stocks fóra da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia, no uso das súas competencias, debe controlar calquer proceso privatizador, fundamentalmente de Endesa, Repsol e Telefónica, para defende-los nosos niveis actuais de stocks públicos.

A inversión tecnolóxica en Galicia e a xeneración de tecido industrial

1. A forte centralización das actividades de I+D fóra da Comunidade autónoma -en Galicia, o investimento en desenvolvemento tecnolóxico no sector público concéntrase en Ence e Inespal- é consecuencia de que a maior parte das empresas públicas situadas en Galicia carecen de departamentos de investigación propios. Sería convinte proceder á descentralización desas actividades de innovación para que tiveran peso tamén en Galicia.
2. É importante pecha-los ciclos productivos e acadar unha maior integración das actividades das empresas públicas coa economía rexional, co resto das actividades industriais de Galicia. Polo de agora, a escasa integración foi un freo o desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1997

VOTO PARTICULAR QUE FORMULAN
A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
E MAIS O SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG-CCLL)
Ó INFORME “ANÁLISE DA SITUACIÓN E PERSPECTIVAS
DA EMPRESA PÚBLICA EN GALICIA”

Os conselleiros da Confederación Intersindical Galega e do Sindicato Labrego Galego non aprobamos o informe do CES “Análise da situación e perspectivas da empresa pública en Galicia” por non se recoller nel as seguintes consideracións:

1.- Na páxina 57, punto 9, debería incluír o seguinte punto: “Conxelación salarial dos empregados públicos”

2.- Na páxina 58, punto 12, onde di: “falta de control”, debería substituír por “falta de medidas para correxir os posibles desvíos dos obxectivos marcados”.

No punto onde di: “subredimensionamento”, coidamos que se debe eliminar, pois é de todos coñecido a gran discriminación habida nos últimos 5 anos (a reconversión xa rematou).

3.- Na páxina 58, punto 14.- O nivel de competencia dos mercados non é o único factor, nen sequera en moitos casos é o dos máis importantes, dado que ás veces a eficiencia das empresas públicas está sometida a decisións políticas tomadas no marco da Unión Europea.

Proposta: Eliminar o punto 14.

4.- Na páxina 61, punto 1, onde di “consolidar un sector público máis reducido pero máis saneado”, eliminar “máis reducido”.

5.- Páxina 62, punto 1, onde di “...dos gobernos autónomos podería...”, cambiar “podería” por “debería”.

Estas consideracións son froito da necesidade de crear un sector público empresarial galego, considerando a empresa pública como cerne da política industrial activa, como un dos instrumentos máis potentes capaz de incidir no deseño industrial e como eixo conductor necesario dos procesos de recuperación, industrialización e reindustrialización. Capitalización e saneamentos previos polo Estado das empresas transferidas. As Empresas Públicas deben ser o alicerce do proceso industrializador, rachando co seu actual papel subsidiario e superando a súa actual conformación como industrias de enclave.

Utilización das súas políticas tecnolóxicas, de compras e investimentos, cara a favorecer a promoción de investimentos productivos e a ampliación da capacidade do aparello productivo, que se beneficie das economías de escala através da integración vertical das súas producións, pechando os ciclos produtivos e posibilitando a creación dun tecido de empresas de tamaño medio avanzadas tecnolóxicas e xerencialmente, flexibles e dinámicas, das que tan necesitada está a nosa economía, que posibilita vantaxes comparativas permanentes dentro dunha distribución espacial axeitada ó noso País, co fin de acadar unha distribución máis equilibrada da renda.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 1997

Pola CIG

Polo SLG-CCLL

Ramiro Oubiña

Manuel Dacal

En Santiago de Compostela, 10 de xullo de 1997

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

ANEXO.- Referencias bibliográficas

- *5.000 empresas gallegas y del norte de Portugal*. Santiago: El Correo Gallego, 1995
- Actuacións públicas de apoio a innovación industrial: políticas tecnolóxicas e papel da empresa pública. En: VENCE, Xavier, dir. *Potencial innovador e cambio tecnolóxico nos sectores productivos de Galicia*. Santiago: IDEGA, 1994, vol.. IV
- AGUIRRE, Claudio. Privatizaciones en España una aproximación financiera. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- ARGIMÓN, Isabel. Criterios privados para la empresa pública. *Economistas*, año 10, n. 55 (1993)
- -----, La nueva organización de la empresa pública y su impacto presupuestario. *Economistas*, año 14, n. 69 (1996)
- ARIÑO ORTIZ, Gaspar. El marco legal de la nueva empresa pública: un programa de reformas. *Economistas*, año 13, n. 63 (1995)
- -----, Empresa pública: privatizaciones y regulación económica. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- -----, Empresa pública: privatizaciones y regulación económica. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- -----; LOPEZ DE CASTRO, Lucía. Coste y financiación privilegiada de las Empresas Públicas en España. *Presupuesto y Gasto público*, n. 16 (1995), p. 39-70
- ARRIZABALO MONTORO, Xabier. *Las privatizaciones en la Unión Europea: crisis , ajuste y regresión social*. Madrid: Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales, Universidad Complutense, 1996
- BILBAO UBILLOS, Javier. Privatización y política financiera del sector público. *Hacienda Pública Española*, n. 132 (1995)
- CABANELAS OMIL, J.; GONZÁLEZ GURRIARÁN, J.; SAÉZ DE VITERI ARRANZ, D. *Actividades empresariales de Galicia: un enfoque económico y financiero 1996*. Vigo: Consorcio de la Zona Franca, 1996
- CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL. *Economía, trabajo y sociedad: memoria sobre la situación socioeconómica y laboral: España 1995*. Madrid: CES, 1996
- CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, XUNTA DE GALICIA. *El tejido productivo de Galicia: identificación de sectores clave y líneas básicas de potenciación* [sin publicar]
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS. *Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega en 1994*. Santiago: CGRL, 1995
- S.N. CC.OO. DE GALICIA, SECRETARÍA DE POLÍTICA INDUSTRIAL E SECTORIAL. *A empresa pública en Galicia: análises e propostas*. Santiago: Sindicato Nacional de CC.OO., 1996
- CUERVO GARCÍA, Alvaro. El proceso de privatización de las empresas públicas españolas. *Economistas*, año 13, n. 63 (1995)

- DIRECCION GENERAL DE COORDINACION CON LAS HACIENDAS TERRITORIALES, MINISTERIO DE ECONOMIA Y HACIENDA. *Sector Público Autonómico. Censo de Entes 1995*. Madrid: el Ministerio, 1995
- FERNÁNDEZ, ZULIMA. El papel de la empresa pública: consideraciones previas a la privatización. *Cuadernos de Información Económica*, n. 101-102 (1995)
- FUSTER, Feliciano. Teoría y práctica de la privatización: la experiencia de ENDESA. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- GAGO RODRÍGUEZ, Alberto, ARIAS MOREIRA, Xosé Carlos. El papel del sector público en Galicia. En: GONZÁLEZ LAXE, F., ed. *Estructura económica de Galicia*. Madrid: Espasa-Calpe, 1992
- GIRBAU GARCIA, Juan Carlos. La empresa pública en España: el nuevo marco jurídico. *Presupuesto y Gasto Público*, n. 16 (1995), p. 21-31
- GONZÁLEZ, Manuel J., MENDOZA, Isabel. Las privatizaciones o el velo de Penélope. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- GONZÁLEZ, Emilio J. La privatización de la empresa pública en España: (la privatización del INI-empresas no rentables). *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. *Contas das Administracións Públicas Galegas 1992: Administración local, Administración autonómica, Empresas Públicas*. Santiago: IGE, Consellería de Economía e Facenda, 1996
- IDEGA, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *A Economía Galega: informe 1994-1995*. La Coruña: Caixa Galicia, 1996
- LAGUNA DE PAZ, Jose Carlos. La empresa pública autonómica: aspectos jurídicos. *Presupuesto y Gasto Público*, n. 16 (1995), p. 71-81
- MARTINEZ DE ALBORNOZ BONET, Carlos. Presente y futuro de la construcción naval española. *Presupuesto y Gasto Público*, n. 16 (1995), p. 113-122
- MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA. *Presupuestos Generales del Estado 1997: Entes Públicos y Sociedades Estatales*. Madrid: el Ministerio, 1996
- MORENO, José Luis. Las privatizaciones en el sector público autonómico y local. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- NOVOA MONTERO, J.J. *La actividad pública empresarial en las Comunidades Autónomas* [sin publicar]
- Opiniones ante la reforma de la empresa pública. *Cuadernos de Información Económica*, n. 101-102 (1995)
- OPORTO DEL OLMO, Antonio. Privatizando: hacer empresa, hacer caja. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- PIZARRO, Manuel. Cómo vender las empresas públicas: el papel de la Bolsa. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- Privatización de empresas públicas: situación y perspectivas. *Informe Mensual de la Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona*, n. 171 (junio 1995)

- Reordenación en el sector público empresarial español. En: *Anuario de Economía y Finanzas El País* 1996. Madrid: El País, 1996
- Reordenación del sector público empresarial en España y privatizaciones. *Análisis financiero internacional*, n. 70 (jun-jul. 1995)
- RICART Y COSTA, Joan E. Organización y empresa pública. En: Barberá, Salvador, ed. *Estado y economía: elementos para un debate*. Bilbao: Fundación BBV, 1996
- RODRÍGUEZ -ARANA MÚÑOZ, Jaime. *La privatización de la empresa pública*. Madrid: Montecorvo, 1991
- ----- . *El sector público autonómico gallego: Caracterización jurídico-administrativa*. A Coruña: Universidade, Servicio de Publicacións, 1996
- SORIANO GARCÍA, Jose E. Rapport Espagnol: Competition law implications of deregulation and privatisation. En: *Privatizaciones: la experiencia europea*. [Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa UE, 1996]
- TRIGO, Joaquín. Efectos macro y microeconómico de las privatizaciones. *Boletín Círculo de Empresarios*, n. 59 (2º sem. 1994)
- VENCE, Xavier. *A empresa pública como instrumento de política industrial: o falso dilema entre eficacia e coesión social e interterritorial*. [ponencia presentada ás Xornadas sobre Reindustrialización de Galicia, organizadas polo Parlamento de Galicia, Setembro de 1996]
- XUNTA DE GALICIA. *Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 1997: Sociedades Públicas*. Santiago: Xunta de Galicia, 1996